REVISTA DE CIENCIA E TECNOLOXÍA DE GALICIA

Código Cero

www.codigocero.com

Nº97|Ano 2011

Iberbanda chega lonxe

Avaliamos en detalle os servizos Tngo

OBXECTIVO: DOMINIO GALEGO
As opcións de obtermos o .gal, a exame

PULO EXTRA Á CREATIVIDADE TIC
Axudas de Modernización para o noso sector

SUBINDO AOS NENOS Á NUBE
Recoñecidas as escolas 2.0 do CESGA

GADGETS QUE VIRON A LUZ NO VERÁN
Repasamos algúns dos trebellos tecnolóxicos máis sonados deste estío

AVENTURAS GRÁFICAS CON ACTORES DE AQUÍ: O xogo AR-K, en galego

HP SOFTWARE

TRANSFORME

su rendimiento de TI
con HP IT Performance Suite



Para más información:

info.hpsoftware.es@hp.com

hp.com/go/software

Equipo

DIRECTOR_
Xosé Mª Fernández Pazos_director@codigocero.com
SUBDIRECTORES_
Carlos Ballesteros_subdirector@codigocero.com_
Marcus Fernández_webmaster@codigocero.com
REDACTOR XEFE_
Fernando Sarasqueta_redaccion@codigocero.com
FOTOGRAFÍA_
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa
REDACCIÓN_
Manolo Gago (Opinión)
Raquel Noya (Reportaxes)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Sevi Martínez (Xogos)
Diego Rosales (Linux)
SUPERVISIÓN_LINGÜÍSTICA_
María Xesús Vázquez
DESEÑO_GRÁFICO_e_maquetación_
Grupo Código Cero Comunicación
Raquel Noya _ publicidade@codigocero.com
Óscar Louzán_publicidade@codigocero.com
IMPRIME_
Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Tel.: 902 905 024 - torculo@torculo.com
EDITA_
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Conxo de Arriba nº 49, 1º C
15706 Santiago de Compostela
Tel.-fax: 981 530 268
http://www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com
Número 97
Publicación periódica. Prezo 2€
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

O Grupo Código Cero S. L. reserva para si mesmo tódolos dereitos como autor colectivo desta publicación ao abeiro dos artigos 8 e 32.1 da Lei de Propiedade Intelectual. Quedan expresamente prohibidas a reprodución, distribución e máis a comunicación pública da totalidade ou parte dos contidos desta publicación con fins comerciais, en calquera soporte ou por calquera medio técnico sen autorización da editorial.

Neste número...

A innovación galega seguiu ao pé do canón no mes de agosto. Esta é a conclusión á que puidemos chegar ao volver das vacacións, unhas tres semaniñas de non facer gran cousa que afectaron, positivamente, a unha parte da redacción de Código Cero, mentres o noso compañeiro Marcus ficaba de garda, como ben puideron comprobar os usuarios da web, cousa que lles agradecemos moito, a un e aos outros. O caso é que chegamos de andar por eses mundos e descubrimos que a vida seguiu na nosa ausencia, a vida TIC, e que algo debe ir ben no sector, neste mundo dixital galego e internacional, para que haxa tantas ideas novas, tanta creatividade, nunha época en que teoricamente todo fica á espera, detido, dando voltas arredor dunha pregunta: haberá ou non haberá hoxe bo tempo para ir á praia? Este número de Código Cero, o 97, é un pouco coma o resumo de todas esas cousas que pasaron na nosa ausencia, dunha parte da redacción e, tamén, dunha parte importante dos nosos lectores, que con todo dereito é probábel que fixeran ouvidos xordos ás últimas novidades relativas a trebellos, vídeo consolas e tecnoloxía en xeral. Pois ben, había que volver ao mundo e aquí estamos, poñendo a antena, unha vez máis, preto das cousas importantes e tratando de facer dos elementos dixitais algo facilmente asumíbel e comprensíbel pola nosa sociedade. Amais de todo este reconto, como cada mes, ofrecemos a nosa particular ración especial de reportaxes, entre os que incluímos uns contidos que lles tocarán de preto ás familias galegas do rural, posto que aí é onde está a traballar principalmente arestora Iberbanda, e disto trata, precisamente, o noso traballo das páxinas centrais. Asemade, cómpre lembrar que setembro tamén soe significar á volta ao cole, e o panorama das novas tecnoloxías non é unha excepción. Para quen queira cursos a esgalla, damos conta duns cantos deles, incluídos os das aulas CeMIT da Xunta, que son unha boa oportunidade para decatármonos dunha vez por todas de en qué consiste isto da Sociedade da Información, cousa que xa vai sendo hora.

O humor de Henrique Neira

SUMARIO 97

NOVAS

4 Resumo de actualidade de comercio electrónico e de empresas TIC

REPORTAXES

6 Modernización destina axudas para a innovación no noso sector TIC
7 O Plan de Banda Larga da Xunta, a exame
8 As/os axentes da rede CeMIT reciben formación en software libre
9 As aulas de promoción dixital da Xunta imparten actividades en 59 concellos
10 Orama, tecnoloxía galega para converter o móbil nunha xanela á cidade
11 Política Lingüística presenta novas actividades formativas en liña
12 Recoñecida a iniciativa do CESGA para afianzar as redes nas escolas rurais
13 Ineo faise eco de diversas iniciativas empresariais para fomentar a innovación
14 O Banco Pastor achega tecnoloxía para persoas xordas
15 Puntogal avalía as posibilidades que temos de obter dominio propio
21 Facemos reconto do máis salientábel do binomio cultura galega + redes.
22 Damos conta duns cantos exemplos de innovación galega a proba de paróns estivais
26 Gato Salvaje achega a versión en galego da primeira parte do seu xogo AR-K

ESPECIAL REPOBLAR E IBERBANDA

16 Falamos con Amancio Varela, responsable de novas tecnoloxías da Deputación
18 A Xunta de Galicia en liña directa contra a fenda dixital
19 Entrevistamos a José Luis Basante, delegado na zona Noroeste de Iberbanda

GADGETS

27 Escolmamos os trebellos tecnolóxicos do mes que máis nos chamaron a atención

XOGOS

28 Repasamos o máis destacábel da tempada en materia de consolas e videoxogos

AGESTIC convoca a segunda edición dos Premios INNOVA-G

Por segundo ano consecutivo a Asociación Galega de Empresas TIC, AGESTIC, convoca os Premios INNOVA-G (www.premiosinnovag.org)dirixidos a recoñecer o talento e a valía das empresas tecnolóxicas galegas, de internet e contidos dixitais, os seus produtos ou servizos, os seus proxectos 2.0 así como os emprendedores e aos emprendementos galegos con maior proxección.

Respecto da edición anterior, desta volta teremos menos categorías (7) e mencións de honra (a entidades que impulsen a Sociedade da Información e proxectos, empresas, medios, eventos... que difundan ás TIC galegas). A mecánica de participación é a mesma: rexistro da candidatura na web dos premios e dous tipos de premios (por votación popular dos internautas e polo xurado) coa excepción de que haberá un período de rexistro e outro para as votacións para que todos os candidatos partan coas mesmas posibilidades.

Poderanse rexistrar as candidaturas desde o 12 de setembro de 2011 até o 26 de setembro de 2011 ás 12:00 horas. O período de votacións empezará o 27 de setembro de 2011 e terminará ás 12horas do 10 de outubro de 2011. O 11 de outubro de 2011 coñeceranse os premiados polos internautas e polo xurado a través da web oficial dos premios

A entrega dos premios realizarase o día 14 de outubro de 2011 en Santiago de Compostela, na Sala de Conferencias do Centro Social Novacaixagalicia (Praza de Cervantes, nº 17) ás 12 horas.

As categorías dos Premios INNOVA-G na súa edición de 2011 son as que seguen:

- Mellor start-up galega
- Mellor emprendedor/a galego/a TIC 2.0
- Mellor campaña social media
- Mellor desenvolvemento 2.0
- Mellor aplicación para dispositivos móbiles
- Mellor deseño para todos
- Mellor desenvolvo centrado nos cidadáns

Asistentes á gala de entrega da pasada edición dos Premios INNOVA-G

Xa se coñecen os relatores dos obradoiros prácticos B-web

Dando continuidade ao éxito das pasadas dúas edicións do encontro profesional B-web que tivo lugar no recinto de EXPOCoruña, do 15 de setembro ao 24 de novembro terán lugar 5 obradoiros que buscan abordar temáticas como o aproveitamento das redes sociais na empresa ou o posicionamento dos espazos web nos buscadores. As xornadas terán un prezo individual anticipado de 50 euros (que pasarán a 70 euros de formalizarse a inscrición a 5 días dos obradoiros), estando limitadas as súas prazas a 50 e contando con profesionais que afondarán nos distintos temas programados dende un punto de vista práctico. Os profesionais que quedaron con ganas de máis tras a pasada edición do B-web poden participar nos novos obradoiros, dos que finalmente coñecemos aos seus relatores, que son os que seguen:

- 15 de setembro: ¿Cómo buscar emprego a través das redes sociais?

Da man do coruñés José Luis del Campo Villare.

- 29 de setembro: Redes sociais para PEME

Da man de Javier Martín, fundador do blog Loogic.

- 13 de outubro: Posicionamento web

Da man de Ismael El-Qudsi, de Havas Digital.

- 27 de outubro: Xestión de comunicación de crise en redes sociais

Da man de Iván Pino, director de comunicación en liña de Llorente & Cuenca.

- 24 de novembro: Quero ser Community Manager

Da man de Manuel Serrano, profesor de Community Manager en ICEMD-ESIC. Máis en www.b-web.es

Completada a oferta de canles da TDT en Folgoso do Courel, Samos e Monterrei

Malia que o apagamento analóxico televisivo desenvolveuse hai xa máis dun ano, o proceso de dixitalización da oferta televisiva aínda está vivo, con cambios de frecuencias de distintas canles que forzan á resintonización dos televisores e receptores de TDT e a adaptación de infraestruturas, polo que hai galegos que ata finais de 2013 non terán un acceso completo a oferta de canles da TDT, nun proceso que vai a bo ritmo e ao que nestes días sumáronse Folgoso do Courel, Samos e Monterrei.

Os novos múltiplex de TDT que comezan a funcionar en Folgoso do Courel beneficiarán a 600 habitantes de Folgoso do Courel e Quiroga; e os de Samos farán o seu con 700 habitantes dos concellos de Samos e Sarria. Os novos programas incorporaranse na seguinte estrutura de canles:

- Canle 47: TVEHD, TDP (Teledeporte)
- Canle 44: Cuatro, Canal+Dos, LaSexta2, LaSexta3, LaSextaHD
- Canle 32: Boing, TelecincoHD, MTV, La 10
- Canle 58: Nitro, Antena3HD, MarcaTV, 13TV

Os novos múltiplex de TDT de Monterrei benefician a preto de 4.000 persoas dos concellos de Verín, Monterrei, Oimbra, Vilar de Vós e Castrelo de Val, na seguinte distribución de programas:

- Canle 47: TVEHD, TDP (Teledeporte)
- Canle 53: Cuatro, Canal+Dos, LaSexta2, LaSexta3, LaSextaHD
- Canle 39: Boing, TelecincoHD, MTV, La 10
- Canle 43: Nitro, Antena3HD, MarcaTV, 13TV

Os interesados en ter información sobre o seu centro emisor e a cobertura da TDT poden informarse a través da páxina web da Oficina Técnica da TDT, tdtgalicia.es

En marcha unha ferramenta para complementar co móbil o percorrido polas nosas rutas de sendeirismo

Os sendeiristas, de aquí ou de fóra, que ademais de sendeiristas, sexan seareiros das máis avanzadas tecnoloxías de comunicación, recibiron esta fin de semana boas novas de Turgalicia. Estamos a falar do proxecto posto en marcha para tirarlle o máximo partido aos teléfonos móbiles intelixentes no eido da localización e o coñecemento da contorna a percorrer. A tecnoloxía, informa o departamento dependente da Consellería de Cultura, serve entre outras cousas para achegar datos sobre rutas homologadas como sendeiros de pequeno e gran percorrido, un total de 62, a partir de agora exhaustivamente descritas e documentadas a través do noso trebello. Toda a información do servizo, que se inclúe en tres linguas (galego, inglés e castelán), está dispoñíbel na web de Turgalicia (www.turgalicia.es), nos folletos en papel que acompañan a iniciativa e máis nas páxinas especializadas neste ámbito, como por exemplo www.wikiloc.com, www.everytrail.com e a galega www.ikimap.com.

Segundo informa Turgalicia ao respecto das funcións deste novo servizo, "a posibilidade de ver os camiños en formato 3D, de coñecer os perfís altitudinais, as distancias entre puntos de interese, e sobre todo, a descarga de toda a información aos teléfonos intelixentes converten este software nunha ferramenta esencial para a crecente comunidade de afeccionados ao sendeirismo".

Sobre recursos máis específicos, dicir que a operatividade é semellante ao dun navegador vía satélite dos empregados para complementar itinerarios, a pé ou conducindo. É dicir, que achega unha visión complementaria e completa da ruta que camiñamos ao tempo que a camiñamos. A diferenza está na información, que é moito máis exhaustiva, pormenorizada e específica, cousa necesaria, por outra banda, para un ámbito no que seguir o camiño correcto e non perderse, amais de obter o coñecemento máis amplo do que se ten arredor, é especialmente importante. A maiores, o aparello pode transformarse nun acubillo de lembranzas, rexistrando as rutas que fan os usuarios para logo presentarllas ao resto da comunidade de sendeiristas-internautas que anden polas redes, completándose todo con fotos e comentarios dos lugares percorridos.

Azos para o sector

Modernización achégalles 2,5 millóns de euros a 62 novos proxectos TIC

Redación

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica destina este ano un total de 2.544.000 euros a subvencionar 62 novos proxectos innovadores impulsados por empresas do sector TIC galego. Así se recolle na resolución dunha orde de axudas que se publicou o 23 de agosto no Diario Oficial de Galicia. O obxectivo destas axudas, informa Modernización, "é contribuír ao impulso de proxectos innovadores por parte do sector tecnolóxico galego". Para isto, o departamento que dirixe Mar Pereira convocou en marzo dúas liñas de axuda, "unha orientada á creación de novos produtos e servizos tecnolóxicos por parte das empresas TIC ou novas versións de produtos xa desenvolvidos ou comercializados con anterioridade". A segunda liña de apoios ía dirixida a subvencionar a elaboración de produtos ou prestacións que melloren servizos de interese xeral para os cidadáns

Produtos e servizos que abrollan dende as nosas empresas

O departamento autonómico resolveu financiar con 1.963.600 euros 50 iniciativas que encaixan nalgunha das seguintes áreas: converxencia e accesibilidade IP, orientados á converxencia entre a telefonía fixa/móbil e Internet así como solucións que fomenten o acceso a Internet de calidade desde calquera dispositivo distinto de móbil ou ordenador; mobilidade, localización e GIS (sistemas de información xeográfica); avance na TDT; eficacia enerxética; mellora do fogar dixital; novas utilidades TIC aplicadas ao transporte, loxística ou sector marítimo que aumenten a rendibilidade e a seguridade ou acaden unha integración entre outras tecnoloxías.

Pulo a servizos para todas e todos

Amais do devandito, Modernización achegará 580.900 euros para subvencionar 12 proxectos orientados a mellorar as actuacións "de interese xeral para os cidadáns a través das TIC" como por exemplo os que se citan a continuación: servizos sociosanitarios, desenvolvendo aplicacións para a prestación e xestión de actuacións, especialmente as relacionadas coa saúde ou a dependencia (teleasistencia, servizos e dispositivos de localización, de alarma, etc.); a educación, mediante ferramentas de creación de contidos dixitais, plataformas de aprendizaxe on-line, plataformas de control do alumnado na aula, ou outros ámbitos de servizos electrónicos de interese xeral, non necesariamente vencellados á Administración.

A concesión destas axudas, engade a Secretaría Xeral, contan co financiamento do 80% do Fondo de Desenvolvemento Rexional FEDER, e realizáronse en réxime de concorrencia competitiva.

Representantes da Xunta e usuarios das redes do Plan de Banda Larga, probando as infraestruturas en novembro de 2010

Presentación en Santiago de ferramentas a prol da competitividade

En marzo deste ano, como informamos en Código Cero, a Secretaría Xeral de Modernización formalizou a adhesión da Xunta ao Centro Nacional de Referencia de Aplicación das TIC, CENATIC, unha incorporación que agoiraba o mantemento do compromiso a prol da programación aberta do Goberno galego e que, daba marxe para a posta en marcha de iniciativas conxuntas na promoción do software libre. Pois ben, o acordo entre ámbalas dúas partes comezou xa a coller corpo. Un exemplo claro disto é o evento que se vai celebrar o 14 de setembro en Santiago, con motivo da vindeira comisión executiva do Padroado de CENATIC. Trátase da *Xornada de Presentación do Programa de Mellora da Competitividade para Empresas TIC,* a celebrar na Biblioteca da Cidade da Cultura.

Ao longo da actividade, sinálase dende mancomun.org, farase un percorrido polo programa de accións a prol da rendibilidade empresarial que desenvolveu CENATIC para empresas do sector, unha estratexia de actividades distribuída en tres liñas básicas: métodos de compatibilidade de hardware, modelo de mellora de empresas e modelo de capacitación certificada. O programa da xornada ficaría así:

- **9:00 a 9:30** Inauguración. A cargo de Mar Pereira Álvarez, secretaria xeral de Modernización, Miguel Jaque, director xerente de CENATIC, e Carlos Cano, director xeral de Red.es.
- **9:30 a 10:30** Programa de Mellora da Competitividade para Empresas TIC. A cargo de D. Miguel Jaque, director xerente de CENATIC.
- **10:30 a 11:00** Experiencia do proxecto ABALAR. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- **11:00 a 11:30** Experiencias de internacionalización de empresas FLOSS galegas.
- **11:30 a 12:00** Declaracións a medios de comunicación.

400 galegos conectados ao día

A Xunta avalía o uso que se lles está a dar aos recursos do Plan de Banda Larga

Segundo informes recentes da Secretaría Xeral de Modernización, durante os 6 primeiros meses de 2011 máis de 26.000 galegos contrataron servizos de acceso a Internet grazas aos novos despregamentos de redes de telecomunicación que está a desenvolver o dito departamento a través do Plan de Banda Larga 2010-2013. No primeiro semestre do ano, engade, "producíronse diariamente unha media 145 altas de servizo de banda larga o que supón que preto de 400 galegos poidan acceder á Rede; estes datos poñen de manifesto a boa acollida dunha das iniciativas tecnolóxicas mais relevantes da Xunta para reducir a fenda dixital e impulsar o acceso ás máis redes máis modernas de telecomunicación".

Como lembraremos, o obxectivo do Plan, posto en marcha en 2010, é dotar de cobertura a toda Galicia en 2013. Con esta finalidade xa se puxeron en marcha 4 das 6 accións previstas no plan, convertendo o noso ámbito rural nunha prioridade promovendo "a extensión das redes de telecomunicación máis punteiras con velocidades de 100Mbps". Segundo informa Modernización, nos vindeiros días porase en marcha unha nova liña de actividade para achegar cobertura a máis de 11.300 núcleos de rural e a 250.000 habitantes destas zonas ata 2013. "Para acadar a cobertura no 100% da poboación estas accións completaranse cunha solución satelital para as zonas con máis dificultades orográficas", engade o departamento que dirixe Mar Pereira.

Un 41% máis de cidadáns con cobertura

Arestora, indican os informes de Modernización, son xa arredor de 321.000 os galegos que poden acceder á banda larga e que ata agora non tiñan acceso a ese servizo. Isto supón reducir nun 41% a porcentaxe de galegos sen cobertura antes do inicio do Plan. En 2011, a iniciativa permitirá "que a porcentaxe de galegos con acceso á rede chegue ao 83,70% fronte ao 70% existente en 2009".

Abaixo barreiras económicas

A Administración autonómica destinará no período 2011-2012 un investimento de 1.470.460 para a execución das axudas para que as familias poidan contratar conexión, das que se poderán beneficiar a arredor preto de 8.200, que por ter menos recursos non dispoñían de acceso á Rede no fogar. Os beneficiarios destes apoios serán as familias residentes en Galicia, que teñan unha renda per cápita igual ou inferior a 9.000 € e que soliciten unha nova alta de acceso. Para poder acceder á subvención, será condición obrigatoria que no domicilio non houbese contratada ningunha conexión a Internet no momento de efectuar a solicitude nin polo menos nos tres meses anteriores á publicación da convocatoria de axudas.

Ademais, os posibles beneficiarios deberán contratar a conexión de Internet cunha das operadoras de telecomunicacións acreditadas previamente pola Xunta de Galicia como entidades colaboradoras. O programa establece a concesión dunha única subvención por unidade familiar do 40% do custe da tarifa mensual de conexión a Internet a partir do segundo mes de servizo e ata completar un ano, cunha contía máxima de 180€ e condicionado á permanencia no servizo durante ese período. A alta de liña e o importe dunha cuota mensual será asumido pola entidade colaboradora.

Traballando no ordenador, visto en summergroup

Novos equipos informáticos para as aulas dixitais

A Consellería de Educación instalará máis de 600 equipos de aulas dixitais nos centros educativos galegos a través dunha acción que vén derivada dun convenio asinado entre a Consellería, a Secretaría Xeral de Modernización e a entidade Red.es, dependente do Ministerio de Industria.

Dito convenio permitirá que se distribúa e instalen 500 equipos compostos por un ordenador ultraportatil e un encerado dixital interactivo, todos eles valorados en 2.600.000 euros. Para o reparto deste equipamento teranse en conta distintas variables, priorizando a aqueles centros de educación infantil e primaria que nestes momentos conten cunha menor equipación das características antes nomeadas e aqueles que asinen contratos programa.

Para poder optar a ter estes ordenadores e encerados serán os centros os que deberán solicitar a súa adxudicación. Así a partir da semana do 19 de setembro a Consellería de Educación enviará unha comunicación aos centros, para que os interesados soliciten aqueles equipos que precisen. Na mesma solicitude deberán precisar os usos concretos para os que irán destinados.

Software de portas abertas

A rede CeMIT convoca no mes de setembro catro xornadas de formación en programación libre

A nova Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT) leva xa tempo operando como un importante vehículo para a posta en práctica de iniciativas orientadas a impulsar o emprego das novas tecnoloxías da información de cara a fomentar a empregabilidade, a competitividade empresarial, a eInclusión, o eBenestar e o pulo da eAdministración. Esta iniciativa, tal e como sinalan as Secretarías Xerais de Medios e de Modernización, de quen dependen, vai dirixida á consolidación dunha comunidade galega competente tecnoloxicamente que poida acceder en condicións igualitarias aos contidos e servizos dixitais da Sociedade da Información. En base a isto, un dos grandes apoios ao seu cometido vén sendo a programación aberta, coa que se comparten, a fin de contas, unha boa parte dos principios básicos, senón todos, de universalización dixital, acceso ao coñecemento para todas e todos e traballo en común, participativo e con arela de dinamización social.

De feito, a nivel loxístico esta rede CeMIT estase a equipar con sistemas operativos, solucións e ferramentas informáticas baseadas en software libre e fontes abertas, colaborando así na súa difusión. Alíñase deste xeito coa política de promoción, difusión e fomento da utilización de tecnoloxías baseadas en Software Libre (SwL) e Software de Fontes Abertas (SFA) que está a levar a cabo a Secretaría Xeral de Modernización e Inclusión Tecnolóxica e que ten como máximo expoñente o Plan de Acción en Materia e Software Libre e de Fontes Abertas (FLOSS, de Free/Libre/Open Source Software). Estas tecnoloxías proporcionan grandes vantaxes xerais, ao permitir achegar as TIC cun menor custo a toda a cidadanía, contribuíndo así ao obxectivo da rede CeMIT de reducir a fenda dixital, dotando á poboación, con independencia dos seus recursos, da competencia dixital que na sociedade actual constitúese como base fundamental para o emprego de calidade, a cohesión social e a calidade de vida.

A difusión das tecnoloxías FLOSS que está a levar a cabo a rede CeMIT require tamén da capacitación dos axentes TIC no eido do software libre. Con este fin, organizarase no mes de setembro un curso de introdución ao código aberto cuxos principais obxectivos son:

1. Ver e comprender os aspectos diferenciais das aplicacións Software Libre e software privativo.

2. Proporcionar unha visión persoal das aplicacións de Software Libre e o seu posible uso no entorno laboral, en concreto no ámbito laboral dos responsables das aulas CeMIT.

Este curso que conta cun horario único de 10 a 14 horas organízase en catro xornadas provincias de cara a favorecer un impacto ao maior número de axentes posibles. Así os datos relativos a estas xornadas son:

- Día 19 na aula CeMIT de Santiago. Aula Centro Multimedia de Galicia. Rúa Hórreo 61-2º
- Día 20 na aula CeMIT de Lugo. Centro Lamas de Prado. Praza do Castiñeiro, s/n
- Día 21 na aula CeMIT de Ourense. Avda. Progreso 44
- Día 22 na aula CeMIT de Vigo. Rúa Oporto, 1

"Queremos que as aulas axuden ao espallamento TIC"

Falamos con Yolanda García Ulla, subdirectora xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información

-Fálenos un pouco máis das vantaxes que o software libre pon en xogo para tódalas implicadas e implicados...
-O obxectivo de Modernización, a través do Plan FLOSS, é o de achegar as TIC á cidadanía co menor custo posible, permitirlles ás galegas e galegos un acceso máis libre de licenzas e, en consecuencia, do pago delas. Temos escoitado queixas dos usuarios acerca dos prezos que hai que pagar polo emprego de determinadas ferramentas. Pois ben, o software libre non é que sexa de balde, pero é accesible para tódalas economías, ao tempo que garante a funcionalidade óptima de tódolos seus recursos. Achegamos estándares abertos para que a xente os leve á súa casa, sen custo, tratando de converter a rede CeMIT nun vehículo para o espallamento tecnolóxico e a capacitación, centrando unha boa parte do noso labor nos colectivos e nas áreas en risco de exclusión social. A rede tivo sempre software libre. Isto significa que os nosos axentes teñen coñecementos básicos do mesmo, pero hai algúns que contan con máis informacións que outros. Para solucionalo, puxemos en marcha estas xornadas.

-Cales serán os contidos?
-Servirán para amosar as particularidades de cada programa, características e vantaxes para cada caso, entre outras moitas cousas.

-Servirán tamén para desbotar a idea de que os recursos abertos son peores cós pechados?
-O software libre que promovemos é igual de útil e funcional có privativo, unha vez que consegues adaptarte a el, cousa que, por outra banda, é moi doada.

-Cales son os programas nos que facedes máis fincapé?
-Pois por exemplo o sistema operativo Ubuntu, que é o mesmo que reforza o Programa Abalar da Consellería de Educación, moi sinxelo de empregar e moi útil. Tamén lle prestamos especial atención a paquetes ofimáticos como OpenOffice ou os navegadores Firefox e Google Chrome, ferramentas abertas todas elas e en galego.

-Contades co apoio dos usuarios e deseñadores de programas abertos galegos?
-Por suposto. A colaboración é continua, temos colaboración coas comunidades galegas, con AGASOL, todos están aí cando os precisamos.

-Quen se vai ocupar da formación dos formadores?
-Pois precisamente será un axente CeMIT con coñecemento amplo sobre a materia. A fin de contas, que mellor que un formador procedente deste tecido de aulas para achegar información a outras traballadoras e traballadores das mesmas. Por certo que este fluxo de coñecemento e capacitación cara as nosas axentes non é único. É continuo, tal como esixen as propias circunstancias da era dixital, un mundo en constante actualización.

Máis actividades para usuarias e usuarios en 59 concellos

No marco do Programa de Formación Multimedia e Audiovisual 2011 da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica de Galicia, as aulas CeMIT de cincuenta e nove localidades galegas acollerán de aquí a decembro cursos gratuítos relacionados co sector multimedia e audiovisual.

A través deste tipo de cursos, que combinan a modalidade presencial e on-line, os interesados poderán coñecer de primeira man todo o relacionado coa creación de videoxogos, o desenvolvemento de webs para móbiles ou o streaming de audio e vídeo dende as 59 aulas CeMIT que a Rede ten distribuídas por toda Galicia.

Durante os catro días de duración de cada un dos cursos, emitirase en un capítulo do video documental realizado para a ocasión cos contidos de cada un deles seguido dunha explicación e resolución de dúbidas (titorización) polo técnico experto a través de videoconferencia. Neste momento, hai en total xa máis de 340 persoas inscritas (155 no curso de creación de videoxogos, 101 no de creación de webs para móbiles, e 89 no de streaming de audio e video). Os interesados poden reservar a súa praza a través da web, www.cemit.xunta.es, ou do número de teléfono, 902 222 321.

O primeiro en celebrarse será o curso de creación de videoxogos (30 horas), que se desenvolverá a partir do 26 de setembro; o seguinte será o de creación de webs para móbiles (30 horas), a partir do 24 de outubro; e por último, o curso de streaming de audio e video (30 horas) que se impartirá a partir do 21de novembro.

A Xunta de Galicia puxo en marcha o Programa de Formación 2011 da Rede de Centros para a Modernizacón e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT) a través do cal se imparten durante este ano en 89 concellos galegos máis de mil cursos gratuítos cunha asistencia estimada de 10.000 alumnos. As aulas CeMIT acollen no marco deste Programa Formativo cursos gratuítos relacionados co sector audiovisual e multimedia desenvolvidos pola Secretaría Xeral de Medios a través do Centro Multimedia de Galicia (CMG) nos que participaron dende o mes de marzo máis de seiscentas persoas.

Ana Mª Díaz López, Mar Pereira e Alfonso Cabaleiro, na presentación do Plan de formación 2011 para a Rede CeMIT

O Centro Multimedia de Galicia vén realizando dende o ano 2000 Programas de Formación co fin de actuar como elemento dinamizador dos sectores da sociedade relacionados coas tecnoloxías multimedia e audiovisual. Agora, xa integrados na Rede CeMIT, dende o CMG preténdese seguir familiarizando á sociedade galega neste sector optimizando os recursos e infraestruturas dos concellos.

Xunto cos cursos impulsados pola Xunta de Galicia, o Plan de Formación 2011 prevé a adhesión de entidades colaboradoras, que poden empregar as instalación da Rede CeMIT para a difusión dos seus propios proxectos en materia de novas tecnoloxías así como para desenvolver actividades formativas propias.

Ademais do Plan de Formación, a Rede CeMIT desenvolve campañas de sensibilización e divulgación da importancia e beneficios das TIC entre a cidadanía, empresas e outros colectivos coa organización de charlas e conferencias. Paralelamente, a maioría dos centros da Rede contan co servizo de "aula aberta", que posibilita o acceso libre e de balde dos usuarios á utilización do equipamento co apoio e asesoramento dun axente especializado.

Orama: a axenda fiábel

Contact Comunicación achega tecnoloxía para converter o móbil nunha xanela múltiple á información da nosa cidade

Agora que en boa medida temos a tecnoloxía, só falta incidir nas súas múltiples aplicacións. Un ámbito de traballo especialmente interesante é, sen dúbida, todo o que teña que ver coa transformación das cidades nas que vivimos en algo como accesos múltiples e universais á información que precisamos. Nesta liña de incluír no tecnolóxico-dixital o que decote se viña facendo de xeito presencial e empregando esforzos, papel e tempo, é onde se move a empresa galega Contact Comunicación, con sede na Tecnópole de San Cibrao das Viñas, en Ourense. A súa arela é crear un contorno urbano onde o coñecemento estea na pantalla do noso móbil, tan preto como nos poidamos imaxinar. Niso consiste o seu servizo Orama.

Máis polo miúdo e segundo informa a propia empresa, trátase dunha canle de comunicación móbil que xorde para substituír á publicidade que se nos achega polo vieiro tradicional, a través de impresos en papel "que a maior parte das veces tiramos ao chan ou a unha papeleira e sen que ninguén lles preste moita atención", por información na pantalla do noso dispositivo, dispoñíbel os 365 días do ano, as 25 horas do día e sempre actualidade. Asemade, engádese, ao eliminar o tradicional sistema de impresión, diminúese de xeito drástico o custe económico e máis o medio ambiental.

A canle foi desenvolvida, como dixemos antes, por Contact Comunicación, unha empresa galega especializada na procura de novas ferramentas de información para os diferentes tecidos produtivos, ferramentas máis eficaces para os anunciantes, menos *invasivas* para os usuarios e máis respectuosas co medio.

Segundo se fai saber na tenda de Apple (itunes.apple.com) e máis na web da Android Market (market.android.com), nas que está dispoñíbel Orama, estamos ante unha aplicación encamiñada á promoción de todo tipo de actividades e a localización de puntos salientábeis dentro dunha cidade. "Por exemplo", explícase, "estando situados no centro de Madrid, poderemos ver os eventos socioculturais que se están a levar a cabo nunha contorna de 20 kms á redonda, información achegada polos organismos públicos ou privados que xestionan eses eventos, así como lugares senlleiros da cidade que pague a pena visitar".

A clave está en que os datos que se achegan están sempre actualizados, contándose para isto coa axuda directa de quen organiza e promova. A veracidade, sinala Contact, está garantida ao cen por cen.

Respecto a Contact Comunicación, dicir que se trata dunha empresa emprazada en San Cibrao das Viñas, na Tecnópole de Ourense, dende a que desenvolve unha actividade continua de desenvolvemento de ferramentas de comunicación innovadoras, ao tempo que aposta pola reformulación e reivindicación do marketing como "técnica para acadar que unha corporación saliente sobre os seus competidores".

O traballo diario de Contact, informan os responsábeis da firma, baséase en atopar a ferramenta de comunicación máis axeitada para cada cliente. Neste senso, non só basean a súa estratexia na publicidade en liña, senón tamén na tradicional. Asemade, centran o seu labor en desenvolvemento web, promoción móbil e realidade aumentada.

Formación cen por cen dispoñíbel

Política Lingüística estrea cursos en liña de linguaxe administrativa e xurídica galegas

A formación de adultos en lingua galega inaugura unha nova etapa cos primeiros cursos en liña de linguaxe administrativa e xurídica galegas. A Secretaría Xeral de Política Lingüística pon en marcha esta nova modalidade de teleformación para as linguaxes específicas, da que se convocaron, nesta primeira edición, un total de 18 cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio (13 para o persoal da Administración autonómica e cinco para a local), e cinco cursos en liña de linguaxe xurídica galega (tres para o persoal da Administración de xustiza de Galicia e dous para o destinado fóra da comunidade).

Estes primeiros cursos en liña, que desenvolveranse ata o día 11 de novembro, teñen como obxectivo dar formación específica aos traballadores e ás traballadoras das distintas administracións públicas na súa lingua de especialidade. Para isto, aproveitan as vantaxes das tecnoloxías da información e da comunicación, que permiten deixar atrás os atrancos de espazo e de tempo da formación presencial e, ao mesmo tempo, fornecen de múltiples ferramentas prácticas, "visualmente atractivas e doadas de manexar", informa o departamento da Xunta.

A plataforma virtual dos cursos dispón dunha sección de recursos na que o alumnado ten á súa disposición diferentes ferramentas lingüísticas, así como outro material de utilidade para o desenvolvemento do curso. Glosarios con termos específicos de linguaxe administrativa e xurídica galegas, materiais básicos de consulta, vocabularios con terminoloxías sectoriais de acceso libre na rede, manuais de estilo e redacción, sitios web desde os que se pode acceder á lexislación de interese para o curso, vídeos relacionados coa materia, e unha hemeroteca con artigos xornalísticos e de investigación vinculados con este eido son algúns dos recursos que o alumnado pode consultar a través da plataforma virtual.

O desenvolvemento dos cursos en liña ten unha duración de 75 horas e as persoas matriculadas só deberán dispor dun ordenador con conexión á internet, dun navegador web e dunha conta de correo electrónico.

Para a preparación das probas de Certificación do coñecemento en lingua galega (Celga), a secretaría xeral tamén ofrece formación a distancia desde o 2010. Nesta modalidade, que está dispoñible para o nivel do Celga 1, convocáronse este ano catro cursos, nos que participaron durante o mes de xuño un total de 150 persoas de Galicia e de fóra da comunidade.

Antecedentes e vantaxes

Segundo apunta Política Lingüística afondando nas razóns destas iniciativas en liña, as tecnoloxías da información xogan cada día un papel máis importante nas tarefas cotiás, profesionais e de relación social, tendo tamén gran transcendencia como recursos educativos para o ensino en xeral e, de xeito específico, para a aprendizaxe de idiomas. A isto responden, precisamente, as devanditas actividades formativas administrativas e xurídicas que se desenvolven entre o 5 de setembro e o 11 de novembro, formatos e feituras novos que serviron, tamén, para dar comezo en 2010 aos primeiros cursos Celga en liña, preparatorios para as probas de coñecemento de galego do nivel 1.

▲ **Fotograma de *Os sete cabritos***

Tres novas curtas de animación para promover o galego

Os sete cabritos, *A porta que trota* e *Fiz, o coleccionista de medos* son os títulos de tres curtas de animación infantil que xa están dispoñibles na Rede. Estes contos, dirixidos a entreter e a favorecer a aprendizaxe en galego dos máis pequenos, están accesibles a través da páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística, xunta.es/linguagalega, que vén de poñelos a disposición da cidadanía xunto con cadansúa proposta didáctica para traballar, na aula ou en familia, a competencia lingüística dos nenos e nenas.

As propostas didácticas que acompañan os audiovisuais foron elaboradas como material de apoio aos docentes por profesionais con ampla e recoñecida traxectoria na educación infantil. Nelas, desenvólvese o currículo desta etapa educativa co obxectivo fundamental de favorecer a competencia en comunicación lingüística do alumnado. Con este fin, os nenos e nenas, ademais de veren a proxección e escoitaren un modelo de fala de calidade na narración, poden expresarse, manifestar preferencias e sentimentos, dialogar cos compañeiros, narrar etc.

Os materiais, editados pola secretaría xeral en DVD e desenvolvidos por OQO editora, foron enviados recentemente aos centros de ensino de Galicia que imparten educación infantil e ás aulas hospitalarias da comunidade.

Dunha nube a outra



Máis información en rural.cesga.es

O proxecto de escolas rurais 2.0 do CESGA, premiado na nova edición de Educared

O proxecto galego *Escolas rurais virtuais para a computación na nube*, implantando recentemente no Colexio Rural Agrupado de Boqueixón-Vedra, vén de imporse entre os gañadores do certames de innovación tecnolóxica aplicada á ensinanza de meirande prestixio estatal, europeo e mundial. Estamos a falar dos *Premios Internacionais Educared,* un concurso que xa vai rematando a súa nova edición e que se dirixe a recoñecer o máis salientábel da formación 2.0 no eido iberoamericano, financiado pola Fundación Telefónica. Lembrar que a iniciativa galega, que vén da man do CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia) e do dito Colexio, optou a este recoñecemento nunha listaxe de 4.000 proxectos candidatos, procedentes de 29 países, a avaliar en detalle por 80 expertos en educación de todo o mundo.

Finalmente, logo de elixiren 400 semifinalistas e de que as nosas Escolas Rurais optasen a dúas categorías, o proxecto do CESGA recibiu a distinción de finalista premiado na modalidade A II (escritorio virtual para alumnado de Educación Infantil), tras outros tres proxectos, dous españois máis un arxentino.

Segundo nos conta o Centro de Supercomputación de Galicia, emprazado en Santiago de Compostela, no Campus Sur, os días 20, 21 e 22 do mes vindeiro, os responsábeis directos da iniciativa e máis os mestres participantes na iniciativa viaxarán a Madrid para facer acto de presenza no *Encontro Internacional Educared,* evento que dará acubillo, entre outras cousas, á entrega de premios da edición 2011.

A Escola de San Xián

Cómpre subliñar que este recoñecemento non é o primeiro que reciben as Escolas Rurais, xa que en decembro do ano pasado foi seleccionado pola asociación EGANET como un dos catro proxectos máis salientábeis na nosa terra na modalidade de educación dixital, de entre os case 100 presentados.

Como dixemos, este ano presentáronse aos premios preto de 4.000 traballos de 29 países, entre os que se contan Arxentina, Brasil, Bolivia, Colombia, Cuba, España ou Portugal. A primeira fase do certame consistiu na revisión pormenorizada de tódolos traballos por parte da Comisión do Xurado, un equipo constituído por 80 profesionais dos mundos educativo e profesional (docentes, profesores universitarios, xornalistas, especialistas en aprendizaxe en liña e máis en redes sociais) e que seleccionou para a segunda fase da convocatoria aqueles proxectos de meirande calidade e potencial.

Lembrar que a iniciativa de *Escolas rurais* virtuais vén da man do Centro de Supercomputación de Galicia, o CESGA, que afrontou este traballo cun obxectivo claro de loitar contra a fenda dixital que afecta a unha boa parte dos nosos ámbitos xeográficos non urbanos, e facelo dende a base mesma da ensinanza, amosando entre a comunidade educativa o amplo potencial das redes 2.0 para o desenvolvemento en tódalas súas facetas. A iniciativa, que é moi probable que se integre no Proxecto Abalar da Xunta, está a funcionar nas 7 escolas que compoñen o CRA Boqueixón Vedra e, tal e como fixemos saber dende Código Cero con motivo da presentación do proxecto, xunto coa Universidade de Idaho e unha universidade de Taiwan, conforman os 3 únicos centros do mundo que foron financiados por Hewlett Packard, HP, para desenvolver os seus proxectos piloto neste eido.

Grazas á tecnoloxía de computación na nube os profesores e alumnos das 7 escolas de educación primaria e infantil que compoñen o CRA galego, poden comunicarse entre si, traballar e facer actividades escolares de forma conxunta sen ter que desprazarse, a través da Rede. Para iso contan coa tecnoloxía *cloud*, en nube, que permite acceder a unha serie de servizos informáticos e responder ás necesidades do usuario de forma flexíbel e personalizada, a través de internet e sen necesidade da axuda de expertos informáticos.

Cunha solución de software libre e código aberto os usuarios traballan nunha plataforma sinxela que é axeitada tanto para o profesorado como para os estudantes e as súas familias, grazas á que non é necesario contar cos recursos e programas instalados en cada ordenador, senón que se pode contar cos materiais didácticos e recursos de aula nun espazo común, dispoñible dende calquera ordenador ou incluso móbil, conectado a Internet, para todos os membros da comunidade educativa.

Deste xeito ademais redúcense ao mínimo as dificultades técnicas, limítanse os custos de licencias de software, e créase unha contorna de traballo virtual a través dunha única aplicación lixeira, estruturada en varios niveis de acceso, segundo o perfil do usuario final.

Innovación aberta e novos modelos de negocio

Ineo informa de iniciativas galegas orientadas a romper cos atrancos da creatividade empresarial

A dirección estratéxica dunha empresa orientada aos novos modelos de negocio e á innovación aberta por Diego González da consultora Marquez & Asociados

Re-novación + Co-operación = Capacidade de adaptación. Poden parecer termos clásicos, pero non o son en absoluto, polo menos no tecido empresarial máis próximo. Fálase de innovación, que xa debería estar implícita en calquera organización, aínda cando no fondo ninguén sabe o que é, por que todos acaban facendo as mesmas cousas, pero doutra maneira. E realmente o que é necesario é facer outras cousas, e ademais doutra maneira, en cada unha das actividades e procesos da nosa organización, desde o deseño até a post-venda, pasando pola propia venda, a produción e en cada un dos procesos administrativos.

Pola súa especial transcendencia no sector TIC, a re-novación debe aplicarse tamén á xestión do coñecemento, porque somos conscientes que non podemos saber de todo, e o que non sabemos debemos buscalo fóra da nosa organización. Ademais, nun sector tan cambiante e tan sometido ao que acontece "ao noso arredor", habemos de estar moi atentos para non perder o tren. "Aí fóra hai moitas oportunidades, só hai que estar preparado" é un lema que xa non vende e non convence, porque xa hai moitos que o están. O éxito de Silicon Valley radica en que a xente comparte a información e forma redes. É un feito que as organizacións reticulares facilitan o aprendizaxe colectivo e espolean a innovación.

Cun espírito de RENOVACIÓN interna e de COOPERACIÓN externa, calquera organización terá unha mellor CAPACIDADE DE ADAPTACIÓN aos cambios porque terá internamente a suficiente axilidade para conectar cos aliados máis axeitados que esixa o momento que toque vivir. Márquez e Asociados Consultores de Dirección traballa para que calquera organización venza as súas propias barreiras e os seus propios paradigmas. O termo "inexistencia de límites", que reza entre os seus valores, vai dirixido a saltar polo aire as paradigmas que en múltiples ocasións atenazan e amordazan ás organizacións, e cos cales non poden aflorar nin a innovación nin o desenvolvemento.

O exemplo do modelo de negocio de INSA por Carlos Conde Gil, director do Centro de Innovación Tecnolóxica de Ourense

INSA, Enxeñaría de Software Avanzado, S.A. somos unha empresa de Tecnoloxías da Información pertencente ao grupo IBM con máis de 2.500 profesionais en España. Gran parte do noso modelo de negocio baséase nos Centros de Innovación Tecnolóxica, CENIT, que a compañía ten en Salamanca, Cáceres e Ourense, onde traballan preto de 700 profesionais. Estes centros son a resposta a unhas demandas cada vez máis esixentes duns clientes que só están dispostos a investir naquilo que lles xere un valor tanxible para o seu negocio. Esixen solucións innovadoras e eficaces e, sobre todo, o compromiso dun equipo de profesionais que lles axude a transformarse e a crecer.

Os nosos centros, baseados na alta cualificación de profesionais, concentran e comparten recursos, tanto de tecnoloxía como de profesionais e tamén de procesos, asegurando a máxima especialización e calidade en cada proxecto. O modelo CENIT permítenos optimizar os nosos recursos e enfocarnos na xeración de espazos de alto valor engadido para os nosos clientes, co fin de resolver os seus máis complexos retos de negocio e achegarlles solucións aquí e agora. Ademais, ao ser un modelo que optimiza ao máximo os recursos, permítenos ofrecer estes servizos a un menor custo, sen perder calidade e nunha contorna flexible co que poden elixir entre diferentes modalidades de contratación.

Foro Ineo da Sociedade da Información

"Open Innovation e novos modelos de negocio TIC"

21 de SETEMBRO do 2011 de 10:00 a 14:00 h,

Club Financiero de Vigo (Avenida de García Barbón 62, Vigo)

PROXECTO FINANCIADO

IGAPE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Asistencia libre previa confirmación:
comunicacion@ineo.org /902 905 510
Máis info: www.ineo.org

Abaixo barreiras

O Banco Pastor achega unha ferramenta de videointerpretación para persoas xordas

Non abonda con fomentar a accesibilidade física, algo que debe darse por descontado en tódolos espazos urbanos da nosa contorna, ben sexan públicos ou privados. Nos tempos que vivimos, cunha Sociedade da Información que é e ten que ser dereito universal, a accesibilidade ligada aos procesos comunicativos debera ser tan importante coma a propia información. Ou máis. Pero non sempre é así. Por iso os poucos esforzos que se están a levar a cabo neste senso dende o sector privado teñen especial importancia: porque dan exemplo. Agora, e sen que sirva de precedente (con todo o que lle podemos achacar), toca falar ben da banca. Máis polo miúdo dunha entidade galega, o Banco Pastor, que vén de promover un servizo de videointerpretación para os clientes con xordeira.

Así nolo contan dende Xornal.com, facendo fincapé no pioneiro da iniciativa, tanto na nosa terra como no conxunto do Estado. De feito, segundo indica o devandito medio facéndose eco das declaracións que fixo na presentación deste recurso Feliciano Sola, presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAPXG), trátase da primeira vez en España que unha empresa privada pon en marcha unha iniciativa social desta índole contando coa colaboración dunha entidade como a dita Federación. Por unha vez na nosa terra, e agardamos que non sexa un acontecemento illado, unha organización de tipo social e unha empresa privada unen esforzos para botar abaixo barreiras comunicacionais no que se refire á posibilidade de acceder plenamente á información, barreiras que para unha persoa xorda son especialmente grosas.

Ao longo deste verán, informou o Banco Pastor, este servizo estará accesíbel en once das sucursais da entidade (dúas en A Coruña, en Ferrol, Lugo, Monforte, Ourense, Pontevedra, Santiago, Verín, Vigo e Vilagarcía) e, tamén, a través da web do Banco, bancopastor.es, co fin de achegar accesibilidade nos fogares dos seus clientes. Con todo, a previsión é estender o servizo, para o que se afondará na colaboración FAPXG-Banco Pastor.

A base desta iniciativa está na tecnoloxía Bildtec, que posibilita a comunicación sen que sexa preciso a presenza física dun intérprete da lingua de sinais. Con isto, solucionaríase a falta de dispoñibilidade de persoas con estes coñecementos comunicativos que afecta á federación, unha entidade que, como todas as das súas características, non se caracteriza por mover grandes recursos. Para tirar partido deste servizo, as persoas potencialmente usuarias do mesmo só terán que sentar perante un monitor con cámara web nalgunha das sucursais equipadas con estes recursos, onde un intérprete atenderá á súa consulta. Logo de recibila, traduciralle o requirimento do cliente ao empregado do banco, sistema que é aplicábel, cos seus matices, á comunicación en liña facilitada pola páxina web.

Manuel Gonzalez Gonzalez, de Puntogal

Material promocional de PuntoGal na Feira Galega das Industrias Culturais, Cultur.gal '08, visto no seu grupo de Facebook

Entre todos podemos lograr o .gal

Manuel González, presidente da Asociación Puntogal, danos o seu punto de vista sobre as posibilidades de acadarmos o dominio propio

www.codigocero.gal, www.google.gal, www.wikipedia.gal, etc. Con moito esforzo e un chisco de sorte, poderemos comezar a utilizar estes enderezos dentro de pouco tempo. A ICANN, a entidade que goberna os dominios da Rede, abriu por fin o prazo para presentar candidaturas a novos identificadores de primeiro nivel. Dende o 13 de xaneiro do vindeiro ano poderemos remitir a proposta para un dominio propio para a lingua e a cultura galegas!

Digo con moito esforzo e cun chisco de sorte porque non vai ser doado lograr o .gal. É certo que case calquera poderá solicitar un dominio, pero solicitalo sen asegurar o apoio global da comunidade, sen ter coñecementos técnicos, sen contar coa experiencia no complexo mundo da ICANN e, dende logo, sen recursos económicos, equivale a tirar ao lixo 185.000 dólares americanos.

A ICANN cobra esta importante cantidade unicamente por admitir unha candidatura para a súa avaliación. Afortunadamente, a Asociación Puntogal conta coa total colaboración da Xunta de Galicia para reunir este diñeiro. O Goberno Galego está a facer un esforzo especial nestes tempos de crise para que o galego teña unha oportunidade para colocarse na primeira liña de saída da carreira dos novos dominios. Sirvan estas liñas tamén como agradecemento ao compromiso mostrado en todo este tempo pola Secretaría Xeral de Modernización Tecnolóxica en apoio ao Puntogal, unha iniciativa que logrou sumar o consenso dos tres grupos con representación no Parlamento de Galicia.

Os medios internacionais especializados na florecente industria de nomes de dominio, que están a aumentar malia a crise, estiman que a ICANN suspenderá case o 70% dos candidatos. Unha premisa imprescindible é demostrarlles aos auditores deste organismo internacional que o dominio representa en realidade a comunidade á que vai destinado. Por exemplo, non ten ningún sentido pagar 185.000 dólares para solicitar un dominio .fútbol sen asegurar o apoio dos miles de colectivos de fans, xogadores, clubs e árbitros que participan neste deporte. Abonda con que unha pequena parte da comunidade, por exemplo os xuíces de liña de Luxemburgo, se opoñan para que a aprobación dun hipotético .fútbol, primeiro, se dilate ata en 18 meses e, posteriormente, se impida o seu nacemento e se perda todo o investido.

Neste eido a Asociación Puntogal ten os deberes feitos. Máis de 12.200 persoas xa asinaron en liña a prol do dominio. Malia que o Puntogal adoptou un perfil baixo de comunicación ante os sucesivos atrasos da ICANN para cumprir os seus propios calendarios, cada semana son ducias os internautas que se apuntan en puntogal.org. Ademais, a Asociación está formada por un amplísimo espectro de entidades da cultura galega. As tres universidades, a CRTVG, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura , A Mesa pola Normalización ou o propio Código Cero son só algúns dos 108 membros da Asociación. Puntogal conta tamén con apoios de varias ducias de centros galegos na emigración, que participan no colectivo.

Servir de vínculo á diáspora galega na Rede será precisamente unha das vantaxes concretas do .gal. Ademais, ter un identificador propio permitirá que os contidos en galego sexan máis doados de atopar en xigantes como Google, ou que poidamos clasificar moito máis rapidamente todo o relacionado coa nosa lingua e a nosa cultura.

O obxectivo básico do Puntogal é servir a difusión do galego, dun modo autosuficiente e sen ánimo de lucro.

Pretendemos que os beneficios económicos que esperamos que dea o dominio propio despois duns anos reverta na comunidade lingüístico-cultural galega. Así, os cartos que gasten as multinacionais en rexistrar as súas marcas (cocacola.gal, pepsi.gal, etc.) poderán servir para financiar proxectos para mellorar a presenza do galego na Rede. Isto é o que fai xa a Fundació Puntcat. Cos seus beneficios, o exitoso .cat, o único dominio aprobado para unha comunidade lingüística, reparte cada ano premios entre os que fomentan o catalán na rede.

Por último, un consello. A medida que se achegue o 13 de abril (data na que está previsto que a ICANN peche o prazo para recibir propostas) comezarán a agromar servizos de pre-rexistro de dubidosa fiabilidade. O seu obxectivo será cobrar a cambio de algo imposible, reservar enderezos como, por exemplo, cocacola.shop, vigo.futbol ou starbucks.gal. O sentido común dinos que é mellor ignorar estas ofertas. Como xa explicamos, ninguén pode garantir que a ICANN aprobará unha determinada proposta. Ademais, unha vez aprobado o exame haberá obrigatoriamente períodos especiais nos que os propietarios de marcas e as administracións públicas poderán exercer o seu dereito preferente sobre as súas marcas, nomes de cidade, etc.

En definitiva, o xuíz xa deu a saída dun concorrido maratón. A carreira para lograr o .gal será longa e estará repleta de fortes pendentes, algunhas tan empinadas que hoxe parecen difíciles de escalar para unha comunidade pequena como a nosa. Non obstante, coa colaboración e o esforzo de todos os galegos lograremos estar entre o reducido grupo que chegará á meta. Calquera pode colaborar asinando dende puntogal.org ou difundindo os nosos anuncios na web. A nosa lingua ocupará así un lugar de máximo nivel no ciberespazo.

Repoblar
Rede Pontevedra Banda Larga Rural

Vivas onde vivas, sempre conectado

Repoblar é unha iniciativa da Deputación de Pontevedra para levar Internet de alta velocidade a aquelas zonas do eido provincial que non teñen oferta de calidade ou que non contan con ningún tipo de oferta. O programa ten o seu xermolo na constatación da existencia de amplas zonas do noso rural que, a maiores da escaseza de servizos de todo tipo con relación aos existentes nas cidades, arrastran dende hai anos un baleiro que frea un bo número de tentativas de desenvolvemento local: o baleiro das redes de calidade. O resultado disto: máis fenda dixital. Para contrarrestalo, a Deputación de Pontevedra puxo en marcha a devandita iniciativa, adxudicándolle ao operador Iberbanda o proceso de despregue das redes sen fíos que son a base tecnolóxica deste programa (Rede Pontevedra Banda Larga Rural) e que vai dirixida á poboación dos 55 concellos adheridos ao plan. Repoblar, Rede Pontevedra Banda Larga Rural, é a rede sen fíos que a Deputación de Pontevedra está a despregar na provincia galega, a través do proxecto WiMAX Rural Pontevedra, cofinanciado nun 70% por fondos FEDER dentro do eixo 5 Desenvolvemento local e urbano sostible do P.O. FEDER 2007-2013.

"Contribuímos a universalizar o acceso a Internet na provincia"

AMANCIO VARELA

Falamos de Repoblar con Amancio Varela, director de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra

Segundo apunta a Deputación de Pontevedra, responsábel do programa Repoblar, todo o referente ao desenvolvemento desta iniciativa de extensión de redes no rural pode considerarse un logro a nivel europeo. Comezando polo tempo empregado para o despregue: oito meses para levar una rede sen fíos WiMAX con 55 nodos/concellos. A xuízo de Amancio Varela, director de Novas Tecnoloxías do dito órgano provincial galego e responsábel de Repoblar, entre as características básicas deste servizo-infraestrutura cóntanse as seguintes: que é unha rede útil e que é accésibel dende o económico. De feito, sinala, fíxose especial fincapé en achegar o "servizo de banda larga de calidade de 1 Mb máis barato de toda España".

-Cal é o seu balance sobre Repoblar?

-O balance é moi positivo porque fíxose un despregamento dunha rede de telecomunicacións sen fíos (con tecnoloxía WiMAX) con 55 nodos (emprazamentos) en apenas uns 8 meses, o cal é un *record* a nivel europeo. Isto foi posible grazas ao entendemento entre tódolos axentes implicados: Deputación, Xunta de Galicia a través de Retegal, o operador e a oficina técnica do proxecto, ademais da extraordinaria colaboración por parte dos concellos e dalgunhas Comunidades de Montes que cederon terreos para emprazar as torres e equipos necesarios para a construción da rede.

Inicialmente, no ano 2008, ao proxecto Repoblar adheríronse 55 concellos da provincia (todos agás Vigo, Pontevedra, Cangas, A Estrada, Vilagarcía de Arousa, Marín e Redondela). Sen embargo, ao empregarse unha tecnoloxía sen fíos, como é o WiMAX, non se pode poñer barreiras no aire que impidan que as ondas cheguen a outras zonas. Polo tanto, ademais de cubrir máis dun 80% (360.000 habitantes) da poboación dos 55 concellos adheridos ao proxecto inicialmente, cubríronse uns 300.000 habitantes dos restantes concellos da provincia. Isto supón que empregando a rede construída a través do proxecto Repoblar damos cobertura a case 700.000 cidadáns da provincia. Ademais, despois da posta en marcha desta rede, e xunto coa utilización de tecnoloxías tradicionais de cable, un 96% da poboación da provincia vai a poder gozar dun acceso a internet de banda larga.

Pero o verdadeiramente importante é que se cubriu preto dun 85% da poboación que estaba situada en zonas brancas, é dicir, sen posibilidade de acceso a internet de banda larga de ningún tipo. Isto é un dos maiores motivos de satisfacción despois da posta en marcha deste proxecto. Sobre todo porque universaliza o acceso a Internet na provincia e porque potenciará a súa competitividade de xeito moi notable.

Pola súa parte, a resposta dos cidadáns e das empresas da provincia está sendo moi boa, tendo en conta que despois de 8 meses de comercialización, hai máis de 4.000 solicitudes de alta, unha cifra que supón un 25% por encima do previsto inicialmente.

Estas cifras demostran que o camiño seguido pola Deputación de Pontevedra foi o correcto, apostando por un proxecto no

que se fixo un esforzo inversor moi importante, pero que ao mesmo tempo era un dos servizos máis demando polos habitantes do rural da provincia.

-Alén de Repoblar, haberá máis actuacións de espallamento dixital dende o ente provincial?

-Os obxectivos marcados nun comezo cumpríronse con creces. Nestes intres estamos a rematar os informes desta primeira fase para poder determinar o alcance total e poder valorar, deste xeito, que imos facer naqueles núcleos onde Repoblar non chega e sen embargo hai demanda por parte da xente.

Estase a estudar con Iberbanda a posibilidade de instalar picoceldas naquelas zonas onde necesitemos ampliar a cobertura. As picoceldas son equipos máis pequenos cás estacións base instaladas nas torres e pensados para zonas máis reducidas, cun menor peso e con posibilidade de situarse en emprazamentos menos custosos cós precisos nesta primeira fase.

No tocante a promoción dixital, a Deputación de Pontevedra, co seu o presidente ao fronte, Rafael Louzán, está a facer unha forte aposta polas novas tecnoloxías, de xeito que sitúe a provincia de Pontevedra nun situación de líder dentro do territorio español, potenciando a competitividade e axudando, coma no caso de Repoblar, a fixar a poboación no rural.

Neste senso, a Deputación está a desenvolver nestes intres o proxecto eDepo, un proxecto que ten como obxectivo modernizar a institución e tódolos concellos da provincia e co que pretendemos fomentar o desenvolvemento da Administración Electrónica nela para, deste xeito, pór a disposición dos cidadáns unha cantidade inxente de eServicios, que faciliten a relación do administrador co administrado, reducindo tempos de espera, desprazamentos, etc. A Deputación vaise a converter no fornecedor de servizos telemáticos dos diferentes concellos de xeito unificado e centralizado.

Ademais na última convocatoria de subvención de fondos FEDER (convocatoria 2011) presentamos dous (2) proxectos de marcado carácter tecnolóxico que foron aprobados polo Ministerio de Política Territorial e Administracións Públicas e para os cales imos a facer un investimento de case 20 millóns de euros. Trátase dos proxectos *depoTIC: la tecnología en tus manos* e *depoGAP: Gestión de Activos de la provincia de Pontevedra*.

Amancio Varela nunha imaxe cedida pola Administración

A denominación do proxecto *depoTIC* pon de manifesto a idea de modernización que o proxecto aportará dende varias perspectivas:

Para as institucións públicas, mediante o asesoramento e apoio tecnolóxico ós concellos nas novas tecnoloxías e a eAdministración.

Para os *cidadáns*, axudándolles a empregar os servizos de Administración Electrónica, potenciando os servizos sociais e poñendo á súa disposición de xeito *online* o patrimonio documental e bibliográfico das entidades locais.

Para as empresas da provincia, potenciando as canles de comercialización en liña e a estimulación do espírito emprendedor.

depoTIC inclúe un Centro Provincial de Asesoramento Municipal en novas tecnoloxías (CPAM 2.0), unha plataforma de comercio electrónico para pequenas e medianas empresas, a posta en marcha dun proxecto de dinamización de eAdministración, un Centro de coñecemento avanzado para a explotación do patrimonio documental, gráfico e audiovisual dos concellos, un Centro Provincial de Asesoramento empresarial en novas tecnoloxías (CPAE 2.0) e unha plataforma de xestión do expediente social único.

depoGAP ten como obxectivo fundamental a xestión dos activos públicos da provincia, controlando a eficiencia, modernización e contención do gasto dos mesmos, e proporcionando información ós concellos para apoiar a toma de decisións. Este proxecto incidirá na redución do impacto sobre o medio ambiente das actividades de mantemento dos activos públicos, e no reforzo da participación cidadá na xestión de asuntos públicos, incrementando a súa implicación na mellora dos servizos locais. O proxecto inclúe o inventariado de activos provinciais, a dotación dunha plataforma tecnolóxica para o desenvolvemento do proxecto (ferramenta de xestión de activos) e unha proba piloto de eficacia enerxética.

-É certo que se puxo especial esforzo en ofrecer un servizo accesíbel para tódalas economías?

-Un dos obxectivos prioritarios para a Deputación de Pontevedra era que o acceso a internet de banda larga fora un servizo universal na nosa provincia. Para iso Repoblar tiña que cumprir con dous obxectivos: que fora una rede de calidade, e polo tanto dera uns servizos reais de banda larga, e, ao mesmo tempo, que fora accesible economicamente para calquera persoa que o precisase.

Por iso, fíxose un especial esforzo tanto pola Deputación como pola operadora para ter o servizo de banda larga de calidade de 1Mb máis barato de toda España (17 euros + IVA), sen ter en conta as promocións puntuais das operadoras, porque hai que lembrar que estes prezos manteranse, sen ningún tipo de suba, durante 6 anos, grazas ó contrato asinado entre a Deputación e a operadora Iberbanda.

O éxito do proxecto débese en gran medida a relación calidade-prezo co que se ofrecen os servizos de Repoblar, e por parte da Deputación tíñamos moi claro que isto ía ser así. Boa calidade acompañada de prezos baixos, éxito asegurado.

-Que busca o órgano provincial con esta e outras actuacións?

-A implantación da rede Repoblar ten como obxectivo prioritario conectar Pontevedra á Sociedade da Información, rachando coa fenda dixital existente na provincia.

Repoblar supuxo un antes e un despois na provincia e nas súas comarcas, dándolles novos atractivos ao rural e ofrecéndolles aos seus cidadáns as mesmas oportunidades. O slogan do proxecto indica claramente cales son as nosas intencións: "vivas onde vivas, sempre conectados".

Ademais, Repoblar é unha autoestrada que a Deputación de Pontevedra construíu e pola que axiña comezarán a circular novos vehículos: novos servizos e iniciativas para mellorar a calidade de vida dos cidadáns da provincia, como é o caso que xa comentabamos antes da… Administración Electrónica, de inminente posta en marcha na Deputación e nos concellos da provincia (eDepo).

Buscamos polo tanto que a nosa provincia se poña á vangarda da Sociedade da Información, por iso puxemos en marcha en primeiro lugar Repoblar, arestora estamos a implantar eDepo, que facilitará os contidos para viaxar pola Rede; e como xa dixemos anteriormente, proximamente outros dous proxectos tecnolóxicos tamén cofinanciados con fondos FEDER, como son depoTIC e depoGAP empregarán a infraestrutura de Repoblar para chegar aos cidadáns.

Todas estas actuacións contribuirán a mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns, a mellorar a competitividade das nosas empresas, a fixar a poboación no rural, ademais de contribuír á chegada da Administración Dixital, tan necesaria nestes tempos. En fin, "vivas onde vivas, sempre conectado"….

A Xunta de Galicia en liña directa contra a fenda dixital

Arredor de 237.000 persoas de zonas brancas de Ourense, Pontevedra e o sur de Lugo teñen acceso á Rede grazas á colaboración de Iberbanda no Plan de Banda Larga do Goberno galego

Iberbanda

Despois do lanzamento por parte de Iberbanda da rede dos proxectos da Deputación de Ourense e Repoblar, da Deputación de Pontevedra, a Xunta confioulle o despregamento de WiMAX no Sur de Lugo, enmarcado dentro do Plan de Banda Larga de Galicia.

As primeiras accións do Plan de Banda Larga de Galicia comezaron no sur de Lugo, por ser a zona máis afectada pola fenda dixital. Así, en novembro de 2010 iniciábase o prendido dixital nesta zona despois de que Iberbanda, o operador adxudicatario da orde de axudas para esta actuación, realizase os despregamentos necesarios.

Nesta zona Iberbanda posibilitou o acceso á rede a case 34.000 habitantes de máis de 2.000 núcleos de poboación do sur de Lugo e a súa contorna que non contaban con cobertura. O servizo que proporciona Iberbanda nesta zona ten unha velocidade mínima de 2 Mbps/512Kbps.

Para acadar este obxectivo a Xunta concedeu a Iberbanda unha subvención por valor de case 624.000 euros que está a xerar un investimento total de 1,1 millóns de euros.

Ademais e en colaboración coas Deputacións de Pontevedra e Ourense dotouse de cobertura a máis de 203.000 persoas que residían nas denominadas zonas brancas, aquelas nas que ningún operador ofrecía servizo de conexión a Internet. Estas accións contaron co apoio indispensable de Retegal.

Retegal

A infraestrutura e o investimento da operador público de telecomunicacións Retegal está a ser fundamental no desenvolvemento da Banda larga. Para reforzar a súa rede Retegal investiu ata agora máis de 17 millóns de euros que permitiron xa o despregamento de 1.800 quilómetros de fibra óptica e a utilización de 90 emprazamentos para o despregamento da rede (54 na provincia de Pontevedra, 17 no Sur de Lugo e 19 na provincia de Ourense), dos cales 43 foron de nova construción.

Ata o ano pasado, Retegal S.A, que viña desenvolvendo a súa principal liña de actividade nos servizos de difusión de televisión dixital -tendo no 2010 un papel vital na exitosa migración a TDT realizada en Galicia- conseguiu en apenas uns meses adaptar a súa operativa e procesos internos para poder prestar servizos de operador neutro no despregue da banda ancha.

O Plan de Banda Larga en Galicia

A día de hoxe, e tras á posta en marcha de máis da metade das actuacións previstas no Plan de Banda Larga 2010-2013 son xa en torno a 321.000 os galegos que poden acceder á banda larga e que ata agora non tiñan acceso a ese servizo. En 2011 o Plan permitirá que a porcentaxe de galegos con acceso á rede chegue ao 83,70% fronte ao 70% existente en 2009.

"O compromiso de Iberbanda co rural galego é de total continuidade"

J. LUÍS BASANTE

Falamos con José Luis Basante Lago, delegado territorial na zona Noroeste da empresa de telecomunicacións

Iberbanda leva xa tempo ampliando a súa actividade na nosa terra, falando a nosa lingua e achegando redes no rural a través de diferentes iniciativas coas institucións públicas, e nós non puidemos deixar pasar a oportunidade de contactar directamente coa empresa de telecomunicacións. O noso obxectivo era coñecer o estado de cousas de programas como Repoblar, impulsado pola Deputación de Pontevedra e desenvolvido pola dita compañía, sendo a súa finalidade levar accesos de calidade ás zonas máis illadas da provincia. Segundo nos conta de primeira man José Luis Basante Lago, delegado territorial de Iberbanda na zona Noroeste, arestora o programa ofrece cobertura para máis de 650.000 habitantes, contemplándose a ampliación a máis de 700.000 para antes de que remate o ano. Asemade, tomámoslle o pulso os traballos despregados por Iberbanda no sur de Lugo e na Ribeira Sacra ourensá, onde xa se posibilita que preto de 35.000 persoas poidan acceder plenamente á Rede. A maiores de todo isto, Basante falounos de actuacións futuras, facendo fincapé en que Iberbanda está aquí para quedarse e para contribuír ao noso pulo dixital.

▲ Jose Luis Basante Lago (Delegado Territorial Noroeste Iberbanda)

-Falamos das iniciativas postas en marcha por diferentes administracións galegas, encomendadas á empresa de telecomunicacións Iberbanda, co obxectivo de achegar redes de calidade nas zonas máis afastadas e menos cubertas dixitalmente da comunidade. Cal é neste intre o estado de evolución dos programas? A canta poboación chegan arestora e a canta se espera chegar?

-Actualmente o proxecto Repoblar está finalizado e foi un éxito. Grazas á colaboración da Deputación de Pontevedra conseguiuse realizar un despregamento de rede moi rápido, no que xa contamos con máis de 4.000 clientes. Dispoñemos de 55 localizacións construídas cunha cobertura poboacional de máis de 650.000 habitantes e estamos a planificar o incremento deste número a máis de 700.000 antes de que remate o ano. Para 2012 dispoñeremos duns microrrepetidores que permitirían chegar a todas as zonas de sombra que fiquen na provincia.

A Xunta de Galicia baixo o Plan de Banda Larga 2010-2013 concedeu a Iberbanda as axudas para a extensión de redes de acceso á banda larga en 27 concellos do sur da provincia de Lugo e da súa contorna (22 concellos do sur de Lugo e 5 na Ribeira Sacra Ourensá). O despregamento finalizado por Iberbanda posibilita que preto de 35.000 habitantes de máis de 2.000 núcleos do sur de Lugo e o seu contorno poidan acceder á rede.

Tamén, a Deputación de Ourense adxudicou, no marco dos proxectos "TERRAS DO AVIA" (comarcas do Ribeiro e Carballiño), "DELORUR" (Valdeorras e Trives) e "ARRAIANO" (A Limia e Verín), a implantación dunha Rede de Acceso a Banda Ancha, que abrangue 51 municipios que comprenden un total de 1.540 núcleos de poboación e unha cobertura superior a cento dez mil habitantes.

Ademais dos mencionados anteriormente, contamos con cobertura no sur da Coruña, unha zona no nordeste de Lugo nos concellos de Ribadeo e Trabada, así como algúns municipios da provincia de Ourense como Cea, Coles, Allariz, Ourense, Amoeiro, Taboadela, etc…

-Que vai significar para vostede que estas zonas, historicamente desprovistas dunha oferta de calidade, teñan agora ao alcance da man, tecnoloxías sen fíos para acadar redes de alta velocidade?

-As zonas rurais, e de forma máis acusada as illadas, enfróntanse a desvantaxes económicas claras en comparación coas zonas urbanas. O custo de ofrecer determinados servizos e de prover das infraestruturas óptimas é moito maior que nas cidades, e isto lastra a súa competitividade e desenvolvemento económico. En moitos casos isto tradúcese en menor renda per cápita nas zonas rurais, despoboación,

menores niveis educativos, taxas máis altas de desemprego, etc. O obxectivo é que a banda larga permita ofrecer medios a estas zonas para aumentar a súa calidade de vida e reforzar a súa capacidade económica.

O acceso a Internet de alta calidade contribúe a liberar o potencial das zonas rurais, facéndoas lugares de vida máis atractivos. As TIC permiten ás empresas realizar as súas tarefas de xeito máis eficaz e son unha resposta á súa necesidade de acceso rápido a distintos tipos de información. Amplían as posibilidades de creación de novas empresas, facilitan a prestación de servizos esenciais e melloran a calidade de vida.

-Que tipo de tecnoloxía se está a pór en práctica ao abeiro destes programas? Cre vostede que as infraestruturas sen fíos cubrirán á perfección a demanda das familias e das empresas destas zonas de Galicia?

-A tecnoloxía escollida para a rede de acceso é WiMAX-e, conforme ao estándar IEEE 802.16-2005, na banda licenciada de 3,5 XHz. WiMAX-e é a evolución da anterior tecnoloxía WiMAX-d, incorporando funcionalidades de mobilidade, e melloras na cobertura. WiMAX-e é a tendencia actual da industria e do WiMAX Forum, sendo un estándar moito máis aberto, cunha certificación de produto máis desenvolvida, e con interoperabilidade entre fabricantes testada. Así mesmo, a banda licenciada de 3,5 XHz proporciona protección fronte a interferencias, menores perdas de propagación que a banda libre de 5 XHz, e ausencia de limitacións á potencia emitida, permitindo despregamentos axeitados para o ámbito rural.

Debido ás características intrínsecas desta tecnoloxía fana idónea para despregamentos en zonas rurais onde a implantación doutras tecnoloxías sería lenta e moi custosa. O compromiso de Iberbanda co rural galego é de total continuidade, por iso estamos constantemente evolucionando e mellorando as nosas solucións e servizos.

-Polo que temos entendido, contades co apoio de Retegal, o operador público galego. Brevemente, en que consiste esta colaboración?

-Os servizos principais que nos ofrecen son a transmisión de datos troncal entre os centros nos que estamos situados e o aluguer de espazo nas súas localizacións. Queremos salientar a profesionalidade e colaboración que nos encontramos en Retegal. Sen eles, sería moi complicado realizar en tan pouco tempo un despregamento de rede como o que realizou Iberbanda en Galicia.

-Cales son as maiores dificultades coas que se atopa Iberbanda nesta estratexia de levar as redes ao rural, a áreas afastadas, de complicadas orografía e comunicacións?

-As principais dificultades que nos encontramos, e que son inherentes a calquera operador de redes sen fíos, son a orografía e o espallamento da poboación no ámbito rural galego. Porén, e grazas á banda de frecuencias licenciada de Iberbanda en 3,5 XHz, a penetración é moito maior cá dos operadores de banda libre. Algúns destes operadores, están a emitir cunha potencia superior ao legalmente permitido (1 mW PIRE), o que ocasionará interferencias entre eles e a posibilidade de que teñan que adaptarse á lei, co conseguinte prexuízo para os usuarios e administracións públicas que os están a subvencionar.

-Que lles diriades a aquelas que estivesen a dubidar entre darse de alta no servizo ou non?

-Primeiro salientar que estamos a falar dun servizo comparábel tanto en prezo como en prestacións ao que poden ter nas cidades, sen limitacións de volume de descarga nin no tráfico *peer to peer*. A maiores, todos os clientes poden contratar o servizo sen ningún compromiso de permanencia, e por 6 € máis unha liña de voz con tarifa plana de chamadas a fixos nacionais, con portabilidade do seu numero de teléfono actual, de forma gratuíta.

Ademais todos os nosos clientes destacan a calidade do servizo, co noso Centro de Atención a Clientes en galego, un Centro de Xestión de Rede de 24 horas, 7 días á semana, resolvendo incidencias de forma proactiva e en prazos inferiores a 8 h.

Para as empresas dispoñemos de servizos á medida e o seu propio centro de atención personalizada.

-A que porta terían que chamar as persoas que queiran facerse con estes servizos? Hai unha web de referencia para consultar? Un teléfono de atención na nosa lingua que non teña custe para o cliente potencial?

Por suposto, temos un Centro de Atención ao Cliente bilingüe galego/castelán con horario de luns a domingo de 8:00 a 24:00. Os clientes poden chamarnos de forma gratuíta ao número de teléfono curto 1630. Neste teléfono aténdese calquera tipo de información dos servizos, contratación e incidencias. As páxinas web de información que ademais teñen a posibilidade de contratación *online* son: www.tngo.es e www.iberbanda.es

-Amais destes traballos que Iberbanda está a despregar coas administracións públicas, que máis liñas de actividade tendes en Galicia? Onde estades a centrar os vosos esforzos e cales son os vosos obxectivos respecto á loita contra a fenda dixital na Comunidade?

-Dende Iberbanda seguimos a realizar despregamento por conta propia e en colaboración coas diferentes administracións. Actualmente estamos a consolidar a nosa rede en Pontevedra e Ourense e estudamos novos despregamentos na Coruña e Lugo. O noso obxectivo é chegar a todo o rural galego e por iso animamos aos concellos interesados en levar a banda ancha a todos os seus veciños e empresas, que contacten connosco a través da nosa delegación:

Iberbanda Noroeste
Rúa Enrique Mariñas Romero 36, quinto andar. Edificio Torre Cristal
15009 A Coruña
Teléfono: 881.04.0000
Fax: 881.04.0009
Correo electrónico: noroeste@iberbanda.es

Enciclopedia de nós mesmos

Asomámonos á actividade recente da comunidade internauta galega en materia de preservación cultural

Versión dixital da mostra *Feminismo galego*

Galiza Sempre vén de habilitar a mostra dixital *Feminismo galego: cambios sociais e dereitos das mulleres,* versión en liña dunha exposición presentada en 2009 e que podemos ver xa a través da súa web, galizasempre.org. A actividade, agora virtual e polo tanto cen por cen accesíbel e visitábel con independencia de onde nos atopemos, dá acubillo a diferentes linguaxes e formatos para dar testemuño das reivindicacións do movemento feminista.

En palabras das responsábeis da Fundación, trátase de "textos, publicacións, noticias e documentación gráfica para impulsar na sociedade galega a reflexión sobre os avances e cambios sociais promovidos polas entidades e organizacións defensoras da igualdade de dereitos das mulleres".

A iniciativa é un percorrido por acontecementos decisivos para a loita a prol da igualdade de dereitos, como o avance do sufraxismo; a II República; a ditadura franquista; as agrupacións feministas galegas dos anos 70 e 80 ou estado actual da loita feminista.

Segundo informa a Fundación, co obxectivo de facer máis doado o emprego da mostra en accións de tipo formativo e divulgativo, habilitouse a posibilidade de descarga documentos en formato pdf coa información relativa aos distintos períodos documentos, dende o século XIX até practicamente a actualidade. Asemade, achégase en formato dixital unha publicación que resume os principais contidos e reproduce as novas de prensa de especial significado para o movemento a partir do remate da ditadura.

Galicia Confidencial dá o chimpo aos libros electrónico

Galicia Confidencial ampliou este verán o seu horizonte dixital. Así nolo fixo saber dende a súa web, informando polo miúdo dun desenvolvemento que lle vai permitir ser o primeiro medio galego que dá o chimpo aos libros electrónicos. Isto vai ser posíbel grazas á achega de Susana Sotelo, tecnóloga da Universidade de Santiago, quen deu corpo a unha receita para o programa Calibre que lles posibilitaría aos usuarios seguir o xornal dende os seus libros electrónicos.

Deste xeito, engadiuse dende Galicia Confidencial, GC convértese no "primeiro medio en galego cunha receita para este software libre, o xestor aberto de libros electrónicos que permite organizar unha libraría".

Segundo informa o medio, as razóns que moveron á tecnóloga da USC a apostar por Galicia Confidencial para o devandito desenvolvemento teñen que ver coa liña editorial do medio mesmo, unha liña que se caracteriza pola independencia e polo compromiso coa nosa lingua e cultura, dous piares que, afirman, danse de cheo contra o contexto social e informativo que estamos a vivir, co peche continuo de cabeceiras e a redución imparábel da presenza do noso idioma no panorama comunicativo.

A receita, engadiron fontes de Galicia Confidencial, está emprazada no repositorio de código de Calibre e é accesíbel na versión actual do programa.

Novo dicionario en liña de pronuncia da lingua galega

O Dicionario de pronuncia da lingua galega (ilg.usc.es/pronuncia) xa está dispoñible na Rede para consulta aberta de todos os usuarios e usuarias de internet. A Secretaría Xeral de Política Lingüística contribuíu á realización desta ferramenta en liña que propón un modelo de pronuncia estándar para o galego. Este novo recurso baséase na información fonética do Dicionario de pronuncia da lingua galega, do profesor Xosé Luís Regueira, publicado pola Real Academia Galega en 2010 no marco dun proxecto desenvolvido polo Instituto da Lingua Galega.

Ademais da transcrición fonética que se ofrece nesta publicación, a versión electrónica do dicionario permite escoitar 60.000 pronuncias do léxico común galego na súa variedade estándar, que foron gravadas coa colaboración da CRTVG.

Os obxectivos prioritarios deste novo dicionario en liña son facilitarlles a aprendizaxe ás persoas que estudan galego e, por outra, ofrecerlles un modelo oral de referencia e de consulta aos profesionais que traballan coa lingua falada, como é o caso de xornalistas, dobradores, profesorado etc.

Patrimoniogalego.net supera os 200 bens inventariados

O balance dos tres primeiros meses en funcionamento de patrimoniogalego.net non podería ser máis positivo, pois en apenas cen días, o novo catálogo social dos bens culturais galegos converteuse no maior inventario *on line* do noso patrimonio. Xa hai catalogados máis de douscentos elementos patrimoniais, unha cifra que se incrementa día tras día en virtude da colaboración desinteresada dun cada vez máis nutrido número de catalogadores.

Esta plataforma soportada por WordPress, funciona dun xeito semellante ao da Wikipedia, de xeito que calquera persoa pode participar no catálogo inventariando aqueles bens culturais que coñeza, para o que só ten que rexistrase como catalogador o inventario e animarse a fotografar os elementos que desexe e introducir datos dos mesmos para enriquecer este Sistema de Información Xeográfica (SIX) que actualmente recolle información referente a bens culturais inmobles (castros, dolmens, petróglifos, cruceiros, fontes, hórreos, pallozas, pazos...).

A finalidade última deste catálogo social é a de axudar a conservar o patrimonio galego, causa que suma cada dia máis adhesións, e tras nacer a iniciativa de Manuel Gago, xa conta co apoio de Xurxo Salgado e Félix Aragunde (Gabinete de Comunicación), Xosé Gago, Adela Oyonarte, Franjo Padín e Carmela Sánchez Arines (Editores) eE Milagros Bará, Álex Bragaña e Soledad Felloza (Producción).

Innovación

Mentres medio mundo marchaba de vacacións, a nosa terra foi u

Aplicación para o préstamo de bicis de Santiago

Combici, o servizo de público de préstamo de bicicletas de Santiago de Compostela, que ata o 31 de outubro funciona en horario de verán (de 8 da maña a 10 da noite, pechando 2 horas antes durante o inverno) e conta con 9 puntos de préstamo (Estación de Autobuses, Multiusos Fontes do Sar, Complexo Deportivo de Santa Isabel, Área Central, Campus Sur, Campus Norte,

O servizo Combici nas inmediacións da Estación de Autobuses

Praza Rodrigo de Padrón, Avda. Xoán XXIII e Praza de Vigo), non só ten uns prezos moi atractivos (10 euros/ano ou 5 euros/semana) senón que agora está máis accesible grazas a unha aplicación para móbiles con Android desenvolvida por Imaxina Design que facilita consultar a dispoñibilidade nos distintos puntos de préstamo en tempo real, así como as prazas libres que hai en cada estación. Tamén achega un mapa que axuda a localizar as distintas estacións de empréstamo.

Blusens prepara dispositivos baseados en Android 2.x

O desenvolvedor de aplicacións para Android e fundador da empresa Mobialia, Alberto Alonso Ruibal, visitou nos pasados días as instalacións compostelás de Blusens para coñecer os dispositivos que prepara a compañía de electrónica de consumo baseados no sistema operativo promovido por Google. O primeiro produto destacado por Ruibal é un tablet con Android 2.3 e pantalla resistiva de 7 polgadas que se comercializará cunha funda que integra un teclado conectable por USB e que chegará ao mercado nun par de meses a un prezo duns 160 euros. Aínda que este dispositivo non está certificado por Google (polo que non inclúe o Android Market de serie) ten unha importante vantaxe sobre os múltiples tablets de provedores chineses (tamén moi económicos) que é contar con soporte técnico dende Europa.

Tamén é moi prometedor un set-top-box (STB) con Android 2.2 (versión que inclúe o prototipo actual) que está a seguir a liña do web:tv ao achegar a Internet ao televisor. O dispositivo podería conectarse ao noso televisor e controlaríase cun teclado completo e un apuntador semellante ao mando da Wii, facilitando o uso de servizos de Internet no salón e podendo ampliarse cun sintonizador de televisión e unha webcam. Sen dúbida, unha interesante alternativa para levar aplicacións ao televisor, e que sería un primeiro chanzo para incorporar esta tecnoloxía de xeito interno nalgúns televisores avanzados.

Arteixo Telecom mellora a súa capacidade de produción

Arteixo Telecom incrementou a capacidade e versatilidade da súa planta industrial coa incorporación dunha nova liña de ensambladura de compoñentes de montaxe superficial (SMD), que se suma ás dúas de que xa dispoñía a compañía.

A nova liña está integrada por máquinas de última xeración, da serie SX1/2 de SIPLACE SIEMENS, fabricante líder neste tipo de equipos. O investimento contou con apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Os novos equipos de Arteixo Telecom destacan pola súa capacidade para adaptarse ás variables necesidades da produción. Así, poden traballar con cabezais de moi diferentes configuracións e soportan ata 120 compoñentes diferentes. Igualmente, o rango de tamaños dos compoñentes que poden utilizar é moi amplo: dende os 0,4 x 0,2 milímetros dos máis pequenos ata os 200 x 110 milímetros dos máis grandes.

Unha ollada á planta de Arteixo Telecom

Gabriel González, director xerente da Unidade de Negocio de Contratación Industrial destacou que "con esta terceira liña SMD damos un paso adiante moi importante: non só aumentamos a nosa capacidade, senón tamén a nosa produtividade e a nosa capacidade para adaptar a produción ás esixencias que se formulen en cada momento. Polo tanto, imos ser máis competitivos".

Classora propón códigos QR para concursos no móbil

Classora, a base de coñecemento desenvolvida en Galicia, que nos últimos meses agasallounos con aplicación para Facebook, aplicación para iPhone e móbiles Android, e mesmo coa posibilidade de inserir os seus rankings en páxinas web externas, continúa a avanzar no seu empeño de trasladar a súa plataforma máis aló da súa páxina web, e estre un sistema de códigos QR para a elaboración de concursos locais.

Esta nova solución permite que os interesados poidan deseñar unha votación popular (por exemplo, para elixir o mellor restaurante dunha vila), para que logo cada un dos participantes poida xerar unha páxina para a súa impresión na que figura a descrición do concurso, o nome da opción que quere promoverse e un código QR que actúa como ligazón para acceder dende dispositivos móbiles ao formulario de votación, no que haberá que incluír o nome, enderezo de e-mail e ano de nacemento do votante, para dificultar os votos fraudulentos, conseguindo así un sistema ideal para concursos deste tipo.

Os códigos QR están a popularizarse como o equivalente no mundo real a ligazóns web, xa que ao examinalos dende a aplicación correspondente cun smartphone podemos visitar a páxina web á que fai referencia, evitando teclear o seu enderezo nos incómodos teclados (físicos ou virtuais) dos móbiles, tendendo unha ponte entre a realidade e a Internet.

ao poder

nha vez máis unha fonte inesgotábel de creatividade tecnolóxica

Desoños desenvolve a primeira revista en liña de deseño urbano

O estudo galego Desoños, do que falamos recentemente en Código Cero para dar conta dos recoñecementos mundiais que están a colleitar os seus traballos, como por exemplo o que veu da man do Web Desing Index 9.0 do ano 2010, vén de subir un novo chanzo na vangarda do sector do deseño e o desenvolvemento gráfico. E faino coa elaboración de urban-e.es, a primeira revista en liña de urbanismo, sustentabilidade, paisaxe e deseño urbano. A publicación, máis polo miúdo, ten o seu xermolo na revista académica Urban, que, á súa vez, vén da man do Departamento de Urbanística e Ordenación do Territorio da Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid.

O obxectivo, tanto da revista en papel como da súa irmá dixital, é difundir e fomentar o debate urbanístico ao tempo que se establecen pontes entre os planos máis teóricos e a intervención na realidade. Urban-e, informa Desoños dende a súa sede en Vigo, céntrase no territorio, o urbanismo, a sustentabilidade, a paisaxe e o deseño urbano como eidos de traballo, abordando a distintas escalas na construción e a conservación.

A difusión desta revista en liña será, polo tanto, exclusivamente dixital, e recollerá boas prácticas nestas materias, abrindo un escenario de traballo, comunicación e debate para os profesionais do urbanismo, que poderán dar a coñecer o seus traballos. O primeiro dos números, por certo, vai dedicado aos Camiños de Santiago, "facendo mención do patrimonio tanto natural como o construído" en tódalas súas manifestacións de maior interese, engádese dende Desoños.

Quobis celebra os seus 5 anos de actividade

A empresa galega Quobis celebra 5 anos de existencia facendo balance da súa historia e marcando a pauta para seguir avanzando na consolidación e crecemento como empresa. Estes 5 anos caracterizáronse polo establecemento dun modelo de negocio sustentable e rendible, baseado na fortaleza e especialización tecnolóxica, a robustez e profesionalidade do seu equipo humano e a definición dunha política comercial ambiciosa pero realista.

O director xeral da empresa, Elías Pérez, asegura que "o foco da nosa actividade na interconexión e interoperabilidade de redes de comunicacións unificadas permitiu dar un lugar a Quobis non só no mercado ibérico, senón abrir as portas á consolidación noutros mercados", o que quedou evidente coa apertura dunha oficina en Lisboa, que se complementará con presenza no mercado latinoamericano (México, Colombia e Brasil), até a reorganización da organigrama interno, ao nomearse novos directores técnicos e de operacións.

Adicionalmente, duplicouse a facturación respecto ao exercicio anterior e conseguíronse importantes referencias de clientes. Todo iso foi grazas ao establecemento dunha política comercial orientada a produtos, que foi acompañada pola participación en diversos eventos internacionais ou o redeseño da páxina web corporativa para adecuala aos novos retos como empresa.

O persoal de Quobis nun evento para os traballadores da empresa que tivo lugar este verán

O resto do ano así como os vindeiros exponse desafiantes xa que se aposta por cumprir o plan estratéxico que prevé multiplicar a cifra de negocio e consolidar a imaxe da empresa como referente no seu sector en mercados internacionais.

Servizo de venda de cupóns de desconto en Menus.es

Menus.es, servizo gastronómico-tecnolóxico galego do que falamos recentemente con motivo de ter superado os 7.000 establecementos rexistrados, vén de pór en marcha unha nova funcionalidade en materia de información especializada sobre restauración e os mellores métodos para accedermos a ela. Máis en detalle, a páxina, que se basea na idea de achegarlle ao usuario un buscador sinxelo e directo de menús de restaurantes de toda España, estrea esta semana un novo servizo dirixido a facilitar a venda de cupóns desconto.

Así nolo contan os responsábeis desta ferramenta dixital, os integrantes da empresa galega do mesmo nome, Menus.es, con sede orixinal en Lugo: "Logo de moito traballo e coa satisfacción por poñer en marcha a nosa plataforma, presentamos un novo recurso na nosa web que consiste na venda de cupóns desconto para restaurantes, hoteis e spas baseado nas compras colectivas". Con reducións mínimas do 40% sobre os prezos orixinais, o que se pretende con esta novidade é achegar "unhas ofertas inmellorábeis dentro dunha páxina web específica como esta".

+Innovación

O único que debemos facer para ter acceso a estas vantaxes, especialmente salientábeis nestes tempos que estamos a vivir de caída nos ingresos case xeralizada, é visitar a web www.menus.es. Polo de agora, informan, o servizo limítase ao eido galego, pero en breve abranguerase o resto de España e, axiña, levarase a cabo un espallamento firme cara a México, Colombia e Chile, onde xa están operativas as webs.

Emetel renova os centros de procesamento de datos da Coruña

A empresa galega Emetel, recentemente recoñecida por Enterasys en base ao seu labor en materia de seguridade tecnolóxica, vén de desenvolver unha serie de melloras nos centros de procesamento de datos do Concello da Coruña. Segundo fai saber a firma, que é socia da entidade Ineo, non se trata dun simple acondicionamento, senón dunha remodelación total dos devanditos CPDs, sendo o obxectivo principal destes traballos poder garantir un escenario fiábel e controlábel para dar acubillo aos sistemas de información do eido municipal. Cómpre sinalar que un centro de procesamento de datos é unha infraestrutura tecnolóxica destinada a cumprir as funcións de memoria dixital, ocupando unha sala ou un edificio e dando acubillo a computadores e tecidos de redes de comunicacións. Máis polo miúdo, o seu cometido é en boa medida o de asegurar que os datos non se perdan, amais de permitir o cómputo, o cálculo, o control e a xestión dos mesmos.

Volvendo ao traballo de Emetel, dicir que o desenvolvemento e execución do mesmo incluíu entre outras cousas unha renovación completa dos distintos subsistemas: obra civil, electricidade, climatización, armarios e infraestrutura de cables estruturada, seguridade e monitorización. Segundo informa Ineo reflectindo fontes de Emetel, o labor de remodelación incorporou tamén a adaptación dos centros de procesamento de datos á normativa actual, asegurando un funcionamento óptimo dos servizos e sistemas de información perante unha posíbel incidencia como pode ser un fallo no subministro eléctrico. Asemade, traballouse a prol dunha meirande eficacia enerxética, consumindo a menor cantidade de recursos posíbeis ao tempo que se asegura a máxima fiabilidade.

Novo buscador de restaurantes galegos

A empresa viguesa System3 Mobile vén de estrear no Android Market a aplicación Guía Gourmet Móvil, que facilita a localización de máis de 500 restaurantes galegos asociados á páxina web Restaurantesgallegos.com mediante unha interface áxil e intuitiva, a través da que localizar os restaurantes catalogados nunha listaxe na que parecen ordenados por proximidade á posición actual e permitindo a súa exploración por tipo de cociña, zonas, rango de prezos, servizos, instalacións... permitindo incluso rematar a busca cunha chamada para reservar mesa.

A aplicación tamén achega unha guía de viños galegos que busca difundir a cultura do viño que consideran tan importante na nosa comunidade.

Aseguran que esta ferramenta precisou de 8 meses de desenvolvemento, tempo no que recompilouse toda a información dispoñible e desenvolveuse a aplicación de consulta da mesma. Aínda que a versión actual só está dispoñible en español, teñen en desenvolvemento versións en galego e inglés.

NubeOffice: subíndonos á computación en liña ao mellor prezo

Unha vida empresarial máis doada, con posibilidade de levala a cabo dende calquera sitio, lonxe da oficina, con total seguridade, a prezos reducidos e cunha boa parte da xestión automatizada. Estas e outras moitas son as posibilidades que ofrece iso que se vén chamando computación na nube, mesturada coas vantaxes inherentes ao software libre, posibilidades das que o noso sector TIC non está a ficar alleo. É o caso da firma Igneoma, con sede en Vilagarcía, que segundo nos fai saber nun comunicado, vén de lanzar un servizo que fala por si só, a través do seu propio nome, da súa potencialidade: NubeOffice: a túa oficina na nube. O sistema, por certo, está baseado en eyeOS, que é un sistema operativo virtual de código aberto.

Segundo informan, NubeOffice preséntase como un servizo especialmente axeitado para empresas e autónomos que desexen tirarlle o máximo partido a este escritorio en liña, e todo con vantaxes adicionais, como por exemplo servizos de chamadas, videochamadas, multiconferencia ou encerado virtual, entre outros. Asemade, engaden, cada usuario terá ao alcance da man a posibilidade de solicitar o desenvolvemento de aplicacións feitas a medida, dispoñendo ao mesmo tempo da súa propia instalación nun hosting independente e pudendo requirir a instalación no seu propio contorno físico de traballo.

O custe do servizo parte dunha contía básica de 1,5 euros ao día, que inclúen un xiga de espazo en disco duro e 50 xigas de transferencia ao mes. "O cliente", informa a empresa arousá, "poderá, por medio dunha aplicación dentro do propio NubeOffice, ampliar o espazo en disco duro reservado e reducilo cando queira, en base ás necesidades". Amais disto, cómpre sinalar que o cliente non terá límite de usuario.

O ITG e VigoSoft contribúen á modernización do sector do viño

O Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) e VigoSoft asinaron un acordo de colaboración para ofrecer unha solución integral para optimizar a xestión de viñedos e adegas. A alianza entre as dúas entidades galegas su-

n ao poder

pón unha aposta pola mellora da competitividade do sector vitivinícola galego con dúas tecnoloxías complementarias que dan soporte á toma de decisións e melloran a xestión.

Neste acordo, ITG achega unha innovadora solución para viñedos que permite, a través de redes de sensores sen fíos, monitorizar parámetros críticos da vide e o terreo, así como ambientais. SensITG Viñedos envía os datos en tempo real ao responsable técnico do cultivo, permitíndolle dispoñer de información actualizada e accesible para tomar as decisións máis axeitadas, rebaixar os custos da explotación e mellorar a eficacia do cultivo.

Pola súa banda, VigoSoft desenvolveu unha aplicación informática que permite xestionar todo o proceso produtivo da adega, dende o control do viñedo ata a comercialización do produto. Con isto conséguese incrementar o grao de automatización dos procesos de xestión, así como a trazabilidade integral da adega.

eLABORO axuda á dixitalización da Policía de Cáceres

En Cáceres todas as multas serán perfectamente lexibles, non poderán deteriorarse nin se extraviar, e o infractor terao bastante difícil para demostrar que o seu coche non estaba a pisar o paso de peóns ou a zona de carga e descarga pois dende o 1 de setembro, a policía local comezará a utilizaras primeiras PDA ao patrullar as rúas cacereñas. Con elas enviaranse as multas directamente ao Organismo Autónomo de Recadación e Xestión Tributaria (OARGT), acompañadas dunha foto do vehículo que infrinxa as normas e as coordenadas GPS. Ademais, os axentes levarán unha pequena impresora para entregarao condutor un resgardo, e un datáfono para facilitar o pagamento inmediato coa conseguinte redución do 50%.

O proxecto parte da Deputación de Cáceres, responsable do OARGT, que xestiona as multas de oitenta municipios da provincia. O sistema do boletín e o bolígrafo utilizado ata agora non axuda precisamente a xestionar tal cantidade de trámites. Por iso, a institución provincial, a semellanza doutras administracións, iniciou o proceso en 2010 e xa adquiriu estes dispositivos, baseados no sistema ePatrol. Na actualidade, o programa atópase nas últimas fases de proba por parte da empresa adxudicataria (a galega eLABORO), "e aposta en funcionamento do primeiro terminal está prevista para o vindeiro 1 setembro", explica o deputado delegado do OARGT, Pablo Enciso.

Polícias locais facendo uso do dispositivo epatrol

Os terminais entregaranse a os municipios por criterios de necesidade e de antigüidade na delegación de multas. Polo tanto, comezarán aplicándose en Cáceres e Plasencia durante setembro e outubro. Posteriormente irase atendendo ao resto de os municipios, ata pór en marcha medio cento de aparatos en toda a provincia. Non obstante, algunhas das 78 poboacións que teñen delegada a xestión de infraccións ao OARGT non recibirán PDA, porque o seu escaso volume de multas non xustifica o investimento (cada equipo custa uns 1.800 euros), "todo iso sen prexuízo de proporcionarllas máis tarde, caso de ampliarse a funcionalidade destas a outros servizos", subliña o deputado.

En principio, non todos os policías levarán PDA. En Cáceres solicitáronse unhas quince unidades. Estes axentes inserirán os datos directamente en a terminal e enviarán a multa ao instante aos ordenadores centrais do OARGT. A medida xa funciona en diversas cidades españolas, dende Alacante a Salamanca e dende Xaén a Pontevedra, e por suposto nas grandes urbes.

Un proxecto galego opta ao premio da Startup Weekend Battle

A comezos de xullo celebrouse en Vigo a II edición do Startup Weekend Galicia, evento no que resultou gañador o proxecto Live the Place, unha aplicación móbil que permite compartir aventuras apoiándose na xeolocalización para, por exemplo, percorrer os lugares nos que se rodou unha película (permitindo tamén crear aventuras de seu, que poidan compartirse a título persoal ou como accións promocionais de marcas), que estivo presente no II Encontro Vindeira Capital Network o paso día 7 e agora sabemos que será o único proxecto español que poderá optar ao premio da Startup Weekend Battle ao que se presentan 53 proxectos de toda Europa.

Na primeira fase deste premio é posible votar aos proxectos a través da Internet, proceso do que sairán un grupo de finalistas que participarán na final que se celebrará en Londres e na que se escollerá ao mellor proxecto europeo de todos os Startup Weekend.

Unha aplicación que axuda a identificar os pementos que pican

Coas numerosas festas gastronómicas e festas que no verán houbo e haberá aínda por toda Galicia, e a predilección de moita xente polos pementos de Padrón, unha nova aplicación para móbiles Android servirá para animar as veladas xa que chega como un analizador de pementos que permitirá coñecer se un pemento pica ou non.

Pementos Analyzer é unha aplicación para Android desenvolvida por CodeNostrum, compañía que non garante a súa efectividade, asegurando que os fallos no programa serían un problema do padal do usuario, o que servirá para botar unhas risas mentres se degustan uns produtos que poden facernos correr coma un demo a por un vaso de auga.

A mesma compañía tamén estreou nos pasados días a aplicación para Android chamada FincasGPS, que permite gardar e ver no mapa a localización das fincas do usuario grazas á axuda do GPS do móbil, permitindo incluso definir os seus lindes, o que resulta moi práctico para consultas futuras a través de vistas de aéreas.

A versión máis querida

Os creadores do videoxogo *AR-K* presentan a adaptación á nosa lingua do primeiro capítulo da súa aventura

O estudo coruñés Gato Salvaje segue darnos alegrías coa súa intensa e innovadora actividade no eido dos videoxogos. Logo da recente presentación da primeira entrega da súa aventura *AR-K*, a primeira dunha serie de cinco, volven á vangarda da actualidade do lecer virtual coa adaptación á nosa lingua deste capítulo de apertura da súa saga, *Sexo, mentiras e traballos de clase*. O videoxogo, que tamén se distribúe en castelán, inglés e alemán, contou para a súa posta en longo en galego coa participación activa da actriz María Castro, quen dobra á protagonista, Alicia, unha estudante de xornalismo "que vive nun futuro utópico", como sinalan os responsábeis de Gato Salvaje, un grupo de mozos da cidade da Coruña, emprendedores e, tal e como eles mesmos sinalan, comprometidos coa súa terra. Así se explica, entre outras cousas, esta aposta polo galego, materializada poucos meses despois de que o xogo, nas súas primeiras versións, conseguise os parabéns dunha boa parte da crítica especializada estatal.

"A versión en galego aparece agora", engade Sergio Prieto, un dos creadores do xogo, "porque dende o comezo foi un proxecto pensando dende Galicia, para demostrar que facer produtos na nosa lingua pode ser rendible, por iso foi a versión na que máis cariño puxemos".

Como dixemos, para esta nova achega, os responsábeis de Gato Salvaje contaron co labor e a experiencia de actores e actrices profesionais da nosa terra, como por exemplo a devandita María Castro, á que cómpre engadir a Antonio Durán Morris, Miguel Pernas ou Andrés Bellas, "profesionais de longo percorrido" en palabras dos creadores desta aventura gráfica. Por certo que o equipo gravou na propia cidade da Coruña as versións en castelán e galego, pero para a adaptación ao inglés foi preciso realizar o desenvolvemento do traballo en Londres mesmo. A versión en alemán levouse a cabo traducindo directamente os subtítulos.

O videoxogo, informan dende o estudo coruñés, recibiu críticas moi positivas en webs especializadas, e acadou unha nota media próxima ao 8. Así foi en sitios de recoñecido prestixio como Meristation, onde se salientou sobre todo o acabado técnico e, tamén, a personalidade ben rematada e definida da protagonista: "Unha sarcástica, fachendosa, cínica e absolutamente encantadora Alicia, á que sen dúbida botaremos de menos até dentro duns meses, novembro máis ou menos, cando Gato Salvaje saque ao mercado o segundo capítulo".

A primeira entrega de *AR-K*, titulado *Sexo, mentiras e traballos de clase*, pode descargarse na web da empresa coruñesa por 5,95 euros. As razóns de ter presentado este traballo en entregas débense, informan, a un interese por rendibilizar ao máximo o investimento, abaratando custos e acurtando tempos de traballo. "Para competir nun mercado como o dos videoxogos con poucos recursos, é importante ter claros os límites que podes alcanzar. Por iso decidímonos por un produto independente, de baixo prezo, pero de alta calidade", puntualiza Sergio Prieto.

Un pouco de historia

Prieto e os seus socios Javier Vara Calviño e Javier Vilar Ortiz tiveron a idea deste proxecto mentres o tres cursaban o máster de animación 3D MAISCA, na Universidade das Balears. En lugar de emigrar, decidiron investir a súa formación e coñecementos en desenvolver un produto innovador desde a súa propia terra. O resultado é un produto con sabor independente, pero cunha presentación gráfica moi por enriba do que adoita ser habitual en empresas pequenas. O seu mérito é maior, aínda, ao non contar os seus creadores con ningún tipo de axuda ou subvención oficial.
Esta aventura gráfica conta a historia de Alicia, unha estudante de xornalismo cuxa vida transcorre nunha sociedade utópica, onde todas as necesidades parecen estar cubertas. Con todo, vive en primeira persoa unha serie de acontecementos que lle fan dubidar do que cre saber sobre o seu mundo. O achado dun misterioso obxecto lévaa a introducirse nunha complicada trama de investigación, na que terá que detectar todas as mentiras que separan a aparencia da realidade.

TREBELLOS TECNOLÓXICOS

LG presenta un rato scanner

Aínda que os scanners de man son uns dispositivos que case desapareceron do mapa tras a popularización de prezo dos scanners de sobremesa e das impresoras multifunción, LG decidiu recuperar o concepto e converxelo cun rato, e así chega o LSM-100, un rato informático USB 2.0 que pode operar como scanner capaz de dixitalizar documentos ata de tamaño A3, podendo resultar especialmente práctico para o recoñecemento de texto á hora de recompilar material de libros, xornais e revistas.

O rato scanner de LG pode almacenar os documentos dixitalizados en formato PNG, JPEG, TIFF e PDF, sendo tamén capaz de importar os textos recoñecidos opticamente directamente en ficheiros de Word editables. O seu prezo de venda é de 89,98 libras esterlinas (102,13 euros).

Código QR

Vídeo de presentación do rato scanner

Razer Blade, un impresionante portátil deseñado para xogar

Cando falamos de Razer normalmente véñennos á cabeza ratos informáticos (e outros accesorios) optimizados para o seu uso en xogos, pero esta marca quere levar a experiencia dos xogos para PC aínda máis adiante, e sorprende coa presentación do que aseguran que é «o primeiro ordenador portátil do mundo realmente para xogar».

O Razer Blade é un portátil potente e delgado, que en 42,7 x 27,7 x 2,24 centímetros e 3,16 quilos de peso encerra un procesador Intel Core i7 2640M a 2,8 GHz, 8 Gb de RAM a 1.333 MHz, gráfica nVIDIA GeForce GT 555M con 2 Gb de memoria dedicada e tecnoloxía nVIDIA Optimus, pantalla de 17,3 polgadas cunha resolución de 1.920 x 1.080 píxeles, cámara de alta definición integrada, batería

de 60 Wh, disco duro SATA de 320 Gb e 7.200 rpm, Wi-Fi N, Gigabit Ethernet, Bluetooth 3.0, 1 porto USB 3.0, 2 portos USB 2.0 (sempre alimentados) e unha revolucionaria interface de usuario que tira proveito de 10 teclas dinámicas adaptables que amosan iconas segundo o xogo que esteamos a usar baixo as que hai un panel LCD capaz de amosar información dos xogo ou funcionar como un panel táctil de grande sensibilidade.

Estariamos ante un dos ordenadores portátiles máis rechamantes do mercado, que como principal eiva ten un prezo de 2.800 dólares (1.932 euros), pero que pode sentar ás bases para futuras innovacións, xa que o hardware dos ordenadores persoais leva moitos anos estancado.

UltraStudio 3D permite traballar con vídeo profesional en equipos con tecnoloxía Thunderbolt

Os profesionais do vídeo teñen agora dispoñible unha nova solución que facilita a captura e reprodución de vídeo facendo uso da tecnoloxía Thunderbolt de Intel, o que incluso facilitaría este tipo de procesos dende un dos novos portátiles de Apple. Falamos do UltraStudio 3D, un dispositivo compacto e portátil que soporta resolucións SD, HD e 2K e incluso admite 2 fluxos de vídeo en alta definición a 1.080p para poder traballar con imaxes en 3D, que véndese nos EE.UU. polo contido prezo de 995 dólares (podendo adquirirse en España por 705 euros + IVE).

Grazas á tecnoloxía Thunderbolt o UltraStudio 3D pode transmitir datos 20 veces máis rápido que o USB 2.0, de xeito que ten un ancho de banda suficiente como para capturar e reproducir vídeo RGB en resolución 2K (2.048 x 1.556 píxeles), así como fluxos de vídeo estereoscópico, integrando portos HDMI 1.4a e conexións dual HD-SDI. Tamén é compatible coas principais aplicacións de edición non lineal (Final Cut Pro, Premiere Pro, After Effects...) con soporte de efectos en tempo real, incluíndo aplicacións como Blackmagic Media Express (que permite a captura e reprodución de vídeo baixo Mac OS X) ou Alpha Keying with LiveKey (que converte o UltraStudio 3D nun sistema de inserción de gráficos en tempo real a través de SDI).

Gamescom 2011: novos produtos para o lecer electrónico

SONY REBAIXA A PS3 E PRESENTA UNHA PSP MÁIS ECONÓMICA

Marcus Fernández

A mediados de agosto tivo lugar en Colonia unha nova edición da Gamescom, e Sony sorprendeu por encadear multitude de anuncios relativos ao seu hardware, comezando por anunciar que a PlayStation 3 con disco duro de 160 Gb que ata o momento estaba á venda por 299,99 euros pasou a custar 249,99 euros, o que supón un prezo moi atractivo para unha consola de alta definición, con reprodutor de Blu-ray e soporte de 3D.

Pero non é a única *rebaixa*, senón que a PSP, en vista de que está a vivir a súa fin de ciclo, renóvase co modelo E-1000, que modifica lixeiramente o seu acabado e prescinde de conectividade Wi-Fi, o que permite reducir o seu prezo ata os 99,99 euros. Esta consola tamén será máis pesada e cun acabado mate, destacando Sony que deseñaron esta versión barata pensando nun público infantil.

A esta consola portátil acompañaraa a ampliación da familia de xogos PSP Essentials, que por só 9,99 euros contará con títulos como Invizimals: *The Lost Tribe*, *EyePet Adventures* e *FIFA 12* entre outros.

Durante o evento de Sony tamén presentaron unha interesante oferta de Sony para popularizar as 3D, que sería un televisor 3D de 24 polgadas que custaría 499 euros e incluiría 2 pares de lentes 3D, e sería compatible coa nova funcionalidade de *simul-view*, ou sexa, que algúns xogos en vez de aproveitar esta tecnoloxía para achegar imaxes aos ollos esquerdo e dereito, repartirían as imaxes entre 2 xogadores fuxindo así da pantalla partida para as competicións multi-xogador.

Non faltaron múltiples anuncios de xogos para a PS Vita, aínda que unha das funcionalidades que serán máis rechamantes da portátil de Sony que chegará a Europa a primeiros de 2012 é que gozará de aplicacións sociais coma Facebook, Twitter, Skype e Foursquare, o que xa de por si xustifica o xeito de que exista unha versión da consola con conectividade 3G, e que supón un importante achegamento ao mercado que actualmente están a tomar os smartphones, pondo en perigo a supervivencia das consolas portátiles a longo prazo, de aí que dende Sony reaccionen dende distintos ángulos (lembremos que Sony Ericsson tamén ten móbiles como o Xperia Play, orientado aos xogos).

A PSP E-1000 carecerá de conectividade Wi-Fi, pero custará menos de 100 euros

NINTENDO TERÁ UNHA NOVA WII ANTES DO NADAL

Imaxe tomada durante a presentación da Gamescom 2011

En vista de que aínda falta para que vexamos a Wii U nas tendas, Nintendo aproveitou a Gamescom para anunciar que antes de Nadal vai comercializar un novo modelo da súa Wii, que modifica lixeiramente o seu deseño, buscando a súa colocación en horizontal (cando o habitual era a súa colocación en vertical) e elimina a compatibilidade cos xogos e mandos de GameCube. A consola incluirá un mando Wii Remote Plus e un Nunchuk e os xogos *Wii Sports* e *Wii Party*. O prezo anunciarase no outono, pero é de agardar que a nova Wii veña acompañada dunha atractiva rebaixa.

Nintendo tamén anunciou que os xogos *Super Mario Galaxy* e *The Legend of Zelda: Twilight Princess* pasarán a formar parte da familia de xogos económicos Nintendo Selects.

Código QR

Trailer do xogo

XENOBLADE CHRONICLES

A versión para Wii chega ás tendas españolas

Marcus Fernández

En agosto chegou ás tendas españolas o xogo para Wii *Xenoblade Chronicles,* que acadou unha magnífica acollida no Xapón por combinar o mellor dos xogos de rol nipóns como *Final Fantasy* coas innovacións e a axilidade da saga *The Legend of Zelda*. Como garantía de calidade temos que detrás deste xogo están deseñadores como Tetsuya Takahashi e Koh Kojima, que dirixiron o traballo do equipo de Monolith Software, estudo que participou na triloxía Xenosaga e colaborou na produción de *Super Smash Bros Brawl.*

Xenoblade Chronicles pon ao xogador na pel de Shulk, un habitante da Colonia 9, que embárcase nunha historia de guerra e vinganza para salvar aos Bionis na procura por repeler o ataque do exército Mekon. Para iso terá que explorar numerosos paraxes e localizacións nos que loitar coa axuda da espada mística Monado. O xogo conta cun sistema de combate dinámico, evitando pantallas de carga e pausas, xa que as loitas serán en tempo real, cun sistema de aprendizaxe progresivo no que deberemos mellorar o noso equipo, coñecer novas técnicas e armas e dominar a arte da desprotección, coa que derribar aos nosos inimigos para rematalos coa espada.

Shulk leva por compañeiros a Reyn, Fiora e algún que outro personaxe inesperado, e permitirá gozar de máis de 100 horas de aventura. Para redondear o produto, *Xenoblade Chronicles* estará totalmente traducido ao español e os membros do Club Nintendo poderán descargar de balde a banda sonora orixinal do xogo de rexistralo antes do 30 de setembro.

Este título tamén está a ter unhas vendas moi fortes en Europa, polo que dende Nintendo aseguran estar a traballar na distribución de novas copias do xogo nas tendas.

ZELDA

O novo xogo de Zelda para Wii chegará o 18 de novembro

Nintendo vén de confirmar que *The Legend of Zelda: Skyward Sword* para Wii chegará ás tendas europeas o vindeiro 18 de novembro, título que virá precedido por *The Legend of Zelda: Four Swords,* adaptación dun xogo de Game Boy Advance que poderá descargarse de balde a través de Nintendo DSiWare (para DSi e 3DS) como parte das celebracións do 25º aniversario da saga protagonizada polo valente Link.

Skyward Sword será a aventura que establecerá os alicerces para os eventos do argumento de Ocarina of Time (que hai pouco estreou remake para a Nintendo 3DS), de xeito que os máis fieis seareiros de *The Legend of Zelda* estarán encantados de enriquecer esta historia. Esta nova entrega da saga combinará aventuras en terra firme con viaxes de exploración sobre as nubes, destacando por tirar proveito do mando de Wii Plus, de xeito que reflectirá os movementos do mando do xogador con grande fidelidade á hora de empuñar a súa espada, dando pé a un sistema de combates moi completo e divertido, no que cada inimigo suporá o reto de analizar os seus movementos e atopar os seus puntos febles.

Os máis seareiros das aventuras de Link pode que queiran facerse cunha edición especial que incrementa o seu prezo 20 euros pero que parece que será un bo investimento, pois inclúe un Wii Remote Plus de cor dourada e un disco de música co *The Legend of Zelda 25th Anniversary Symphony Concert.*

Pode que 69,99 euros por un xogo de Wii pareza un prezo elevado para algúns, pero en vista dos extras que vai incluír esta edición limitada, é de agardar que inicialmente sexa difícil facerse con unha se non se fixo previamente a súa reserva en tendas especializadas.

Código QR

Cómo se fixo a captura de movemento do xogo

AFTER THE WAR

É o novo xogo de acción para PC de FX Interactive

Marcus Fernández

FX Interactive achegará o vindeiro día 22 ao mercado español por só 19,95 euros o xogo para PC *After The War,* que vén a ser a edición internacional de Collapse, con personaxes e inimigos dobrados ao español, manual a cor, guía oficial do xogo con trucos, 300 puntos FX (valorados en 3 euros) para a FX Classics Store e servizo de atención ao cliente en español (que inclúe pistas por teléfono).

After The War é unha superprodución de acción e aventura ambientada nun mundo post-apocalíptico que combina xogabilidade de distintos xéneros (hack and slash, shooter e quick time events) e é exclusivo de PC. A historia sitúase no ano 2049, tras unha guerra entre China e EE.UU. que deixou ao planeta destruído, e onde Rusia é o derradeiro refuxio da civilización, con supervivientes divididos en clans, que deberán loitar contra unha inesperada e letal ameaza: unha invasión de criaturas alienígenas que busca dominar a Terra.

POCOYÓ

Pocoyó terá xogo de carreiras para Nintendo DS e Wii

Namco Bandai Partners Ibérica chegou a un acordo con Zinkia para distribuír en España o xogo *POCOYÓ Racing,* que chegará ás o vindeiro mes de novembro en versión para Wii e Nintendo DS, e que ofrecerá moita diversión permitindo competir cos personaxes da célebre serie televisiva de *Zinkia* (tanto en modo para un xogador como en partidas multixogador) con 24 vehículos exclusivos e 60 pistas diferentes, que virán acompañadas por 16 escenas cinemáticas exclusivas e 180 fotografías relacionadas con Pocoyó que iranse desbloqueando segundo se superen os distintos retos do xogo.

Este título de carreiras promete diversión para toda a familia e está a ser producido directamente por Zinkia, compañía que tamén estreou hai pouco *Pocoyo Gamebox*, unha aplicación para iPad que inclúe 5 mini-xogos (tiro á diana, salto á corda, carreira de coches, saltos e construción dunha torre) para que os máis cativos da casa dean os seus primeiros pasos coa tablet de Apple e que está á venda por 0,79 euros. Anteriormente xa publicaran outras aplicacións na App Store como *Colorea con Pocoyó y sus Amigos (*sinxelo xogo de colorear) e *Pocoyó TV* (plataforma de compra e reproducción da serie de animación de Pocoyó para iPhone e iPad).

Edificio de Oficinas da Zona Franca de Vigo.
Área Portuaria de Bouzas s/n, VIGO

Repoblar

Rede Pontevedra Banda Larga Rural

Proxecto cofinanciado e liderado pola

Deputación Pontevedra

INTERNET NAS **ZONAS RURAIS** DE PONTEVEDRA

Vivas onde vivas, sempre conectados

1 Mb

17€*

*ó mes (IVE non incluído)
(20,06 €/mes con IVE)

Chama, infórmate e contrata no

1630

TELÉFONO GRATUÍTO

www.repoblar.depo.es
www.tngo.es

Servizo **ofrecido por:**

tngo
INTERNET

Proxecto cofinanciado pola
UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"